

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO O 26 DE SETEMBRO DE 2013.

ASISTENTES:

PRESIDENTE:

D. Manuel Cuíña Fernández (PSdeG-PSOE)

CONCELLEIROS:

Dª. María Dolores García Troitiño (PSdeG-PSOE)
D. Klaus Brey Montaña (PSdeG-PSOE)
Dª Margarita Campos Espiño (PSdeG-PSOE)
Dª María Jesús Penela Mato (PP)
D. José Antonio Ramos Dobarro (PP)
D. José Luis Espiño Espantoso (PP)
Dª Marta López Arines (PP)
D. Luis Juan Arceo López (PP)
D. Manuel Asorey Suárez (PP)
D. Matías Rodríguez da Torre (Grupo mixto)

INTERVENTORA XERAL

Dona Isabel Pernas Sánchez

SECRETARIO XERAL

D. Francisco Javier Oubiña Lodeiro

No Salón de sesións da Casa Consistorial, sendo as vinte horas e vinte minutos, reúnense en primeira convocatoria os Concelleiros citados anteriormente, ao obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno, asistidos de min, o secretario xeral do Concello quen certifica.

Comprobada pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declarase polo Sr. Alcalde-Presidente aberta a sesión, con arranxo ao seguinte orde do día:

I) PARTE RESOLUTIVA

1º.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS EXTRAORDINARIAS DE 16 E 19 DE XULLO E ORDINARIA CELEBRADA O 23 DE XULLO DE 2013.

Non se producen intervencións con respecto ás actas das sesións extraordinarias de 16 e 19 de xullo que quedan aprobadas.

Con respecto á acta da sesión ordinaria celebrada o 23 de xullo de 2013 o Sr. Rodríguez da Torre dí que non lle parece que a acta recolla correctamente a intervención do Sr. Alcalde, concretamente na quenda de intervención da moción do punto 6.1, páxina 38, xa que ainda que entende que as actas non teñen que reflectir todo o que se dí si que deberá constar que o Sr. Alcalde dixo que era discutible que este tipo de persoas fosen á seguridade social e que o que dí está na gravación. Intervén o secretario xeral que dí que non sabe concretamente o que se dixo e que tal e como sinala a legislación a acta debe conter no tocante ás intervencións as opiniões sintetizadas e que se hai observacións á acta estas se debatirán e se decidirán as rectificacións mediante votación.

Sometida a rectificación proposta polo Sr. Rodríguez da Torre de incluir na intervención do Sr. Alcalde, esta é votada favorablemente polos membros do grupo municipal do PP e do BNG (7) e cos votos en

contra dos membros do grupo municipal do PSdeG-PSOE (4), en consecuencia queda aprobada a rectificación e incluida na acta do seguinte xeito:

"Intervén o Sr. Alcalde quen dí que van a votar a favor ainda que o 1º punto parécelles discutible que este tipo de persoas fosen á seguridade social".

2º.- ACEPTACIÓN ACTA DOS NOVOS CONCELLEIROS Dª Mª PEÓN IGLESIAS E Dº LUIS RODRÍGUEZ VÁZQUEZ.

Dase conta das credenciais expedidas pola Xunta Electoral Central, constatándose por parte do secretarioxeral que os propostos para ser concelleiros presentaron a declaración de bens patrimoniais e cumplimentaron o rexistro de intereses.

Acto seguido procede María del Pilar Peón Iglesias a tomar posesión que o fai baixo a seguinte fórmula:

"Prometo pola miña conciencia e honor cumplir fielmente as obligas do cargo de concelleira do Concello de Silleda, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado."

Procede Luis Rodríguez Vázquez a tomar posesión que o fai baixo a seguinte fórmula:

"Prometo pola miña conciencia e honor cumplir fielmente as obligas do cargo de concelleiro do Concello de Silleda, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado."

En consecuencia toman posesión os dous novos concelleiros pasando a ocupar o seu posto no salón de plenos, sendo felicitados polo Sr. Alcalde.

3º.- INTEGRACIÓN DOS NOVOS CONCELLEIROS NO GRUPO MUNICIPAL PSDEG-PSOE E DESIGNACIÓN DE VOCEIRO:

Dase conta do escrito presentado que é o seguinte:

O artigo 76 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, establece que os membros da Corporación que adquiran a súa condición con posterioridade á sesión constitutiva dela deberán incorporarse ao grupo correspondente á lista na que fosen elegidos ou, se é o caso, ao grupo mixto. No primeiro suposto dispoñerán dun prazo de 5 días hábiles, que comezará a contar dende que tomen posesión do seu cargo, para acreditar a súa incorporación ao grupo que corresponda mediante escrito dirixido ao presidente e asinado, así mesmo, polo correspondente voceiro.

O artigo 77 do mesmo texto normativo establece que os grupos políticos constituiranse mediante escrito dirixido ao Presidente e subscrito por todos os integrantes, que se presentará na Secretaría Xeral da Corporación dentro dos cinco días hábiles á constitución da Corporación, debendo facer constar a designación do voceiro do grupo podendo nomearse suplentes.

Polo exposto e dado que o grupo municipal denominado Partido Socialista de Galicia-Partido Socialista Obrero Español xa se atopa constituído pero que houbo cambios pola renuncia de dous concelleiros, entre eles o voceiro, por medio da presente comínase:

Primeiro.- Que o grupo municipal denominado Partido Socialista de Galicia-Partido Socialista Obrero Español, queda composto polos seguintes integrantes: Manuel Cuiña Fernández, Klaus Brey Montaña, María Dolores García Troitiño, Margarita Campos Espiño, María del Pilar Peón Iglesias e Luis Rodríguez Vázquez

Segundo.- Que o voceiro será Klaus Brey Montaña

O Pleno dase por enterado.

4º.- APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO EXERCIZO 2012.

Procédese á lectura da proposta da Alcaldía

PROPOSTA DE ALCALDÍA

Considerando formada a Conta Xeral do exercicio 2012, xunto con toda a súa documentación anexa á mesma, segundo a lexislación vixente.

Considerando o informe de Intervención emitido sobre ela en data 11 de xullo de 2013, e o Ditame da Comisión Especial de Contas emitido con data 5 de agosto de 2013.

Considerando que, de conformidade co disposto no artigo 212.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a mesma expúxose ó público durante os días 16 de agosto ao 18 de setembro de 2013, unha vez publicado o anuncio de exposición pública no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra en data 16 de agosto de 2013, para que nese prazo de quince días e oito máis os interesados puidesen presentar reclamacións, reparos ou observacións, sen que no prazo establecido se presentara ningunha reclamación, acordo co disposto no artigo 212.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, proponse ó Pleno a adopción do seguinte

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a Conta Xeral do exercicio 2012.

SEGUNDO. Render a Conta Xeral así aprobada e toda a documentación que a integra á fiscalización do Tribunal de Contas, e do Consello de Contas de Galicia, tal e como se establece no artigo 212.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

Sometida a proposta a votación esta é aprobada cos votos a favor dos membros do PSdeG-PSOE e BNG (7) e a abstención dos membros do PP (6), en consecuencia queda aprobada a conta xeral do exercicio orzamentario de 2012.

5º.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE SILLEDA.

Procede o secretario á lectura do dictame que é o seguinte:

"A Comisión Informativa de benestar social, en sesión ordinaria celebrada o 20 de setembro de 2013, emitiu ao amparo do previsto no artigo 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Locais, o seguinte dictame que ten carácter preceptivo e non vinculante:

1º.-APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE SILLEDA.

Intervén o Secretario quen manifesta que a Xunta de Galicia fixo unhas apreciacións ao anexo II, trasladándoseles copia aos asistentes e manifestando que se fai a corrección de dito anexo en base ás indicacións dadas pola Xunta de Galicia.

Procede o secretario á lectura da proposta que é a seguinte:

Redactado o proxecto da Ordenanza Reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Silleda, propónse por parte da Presidencia á Comisión Informativa de Benestar Social, dictamine en sentido favorable o proxecto de Ordenanza e eleve ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a Ordenanza Reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Silleda.

Segundo.- Abrir un período de información pública por espacio de 30 días mediante a súa publicación no Boletín Oficial da Provincial para a presentación de reclamacións e suxerencias.

Terceiro.- Rematado o período de información pública, o Pleno, nun acto unitario, debe resolver as reclamacións e proceder á súa aprobación definitiva. No caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxerencia, entenderáse definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

Cuarto.- Publicación: Dacordo co disposto no artigo 70.2 as Ordenanzas, publicaránse no BOP e non entrarán en vigor ata os vinte días seguintes aos da súa publicación e en todo caso ata que transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985 RBRL, iste prazo é de 15 días hábiles con que conta a Administración do Estado e, no seu caso, as Comunidades Autónomas, para formular o requerimento de anulación da Ordenanza, contados a partires do seguinte a aquel en que sexa remitida en cumprimento do disposto no artigo 56 da LRBRL (seis días para a remisión mais quince días para o requerimento- artigos 196.3 e 215.2 do ROF).

Rematada a lectura ábrese unha primeira quenda de intervencións:

Sr. Espiño Espantoso, dí que está dacordo.

Sr. Rodríguez da Torre está dacordo.

Sometida a proposta a votación esta é aprobada por unanimidade. En consecuencia queda dictaminada favorablemente a proposta da Alcaldía de aprobación da ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Silleda.”.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso quen dí que a Ordenanza axustase á lexislación pero que habería que facela antes.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre quen dí que se remite ao dito na comisión informativa e que lle parece ben a inclusión do libro de reclamacións, sometida a Ordenanza a votación esta é aprobada por unanimidade, en consecuencia queda aprobada a Ordenanza Reguladora do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Silleda que queda redactada nos seguintes terminos:

ORDENANZA REGULADORA DO SERVIZO DE AXUDA O FOGAR DO CONCELLO DE SILLEDA

FUNDAMENTACIÓN:

A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, fai referencia expresa como competencia local os servizos sociais, establecendo no art. 25.1. que o municipio, para a xestión dos seus

intereses e no ámbito das suas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar certos servizos públicos favorezan a satisfacción de necesidades da comunidade veciñal, asemesmo no art. 25.2. contempla que o municipio exercerá competencias nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas en materia de prestación dos servizos sociais e da promoción e inserción social. A Lei 13/2008, de 3 de decembro de Servizos Sociais de Galicia, regula o dereito a todas as persoas aos servizos sociais e concretamente no art. 11.1.f) atribue como unha das funcións dos Servizos Sociais Comunitarios Básicos a xestión do servizo de axuda no fogar, así como a participación na xestión das prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención a dependencia, nos termos establecidos na normativa que resulte aplicable.

Por outra banda o Plan Concertado para o desenvolvemento das Prestaciones Basicas de Servizos Sociais nas Corporacions Locais (BOE no 163 di 08/07/1988), permite o desenvolvemento e a consolidación da rede basica dos servizos sociais comunitarios, dende unha perspectiva técnica entre as administracions centrais, autonómica e local e garante as prestaciones basicas, entre elas a Axuda no Fogar.

Coa entrada en vigor da Lei 39/2006 do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención as persoas en situación de dependencia e demais normativa estatal, así como a de carácter autonómico, Orde do 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, de 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito as prestacións do Sistema para a Autonomía e a Atención á Dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, e principalmente coa publicación da Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, e o Decreto 99/2012 de 16 de marzo polo que se regulan os Servizos Sociais Comunitarios e o seu financiamento, que obriga as entidades locais a reaxustar e realizar unha adaptación da regulación existente do servizo de axuda no fogar, referencia na Disposición Derredora Primeira do devandito Decreto, onde establece que os concellos disporan de un prazo de 18 meses desde o seguinte dia da sua publicación para a adaptacion das respectivas ordenanzas.

A parte de elo ,O Ministerio de Sanidade, Servicios Sociales e Igualdad publicou Resolución no el BOE de 3 de Agosto de 2012, ("Resolución de 13 de Julio de 2012 de las Secretaría de Estado de Servicios Sociales e Igualdad, por la que se publica el Acuerdo del Consejo Territorial del Sistema para la Autonomía y Atención a la Dependencia para la mejora del sistema para la autonomía y atención a la dependencia") o que levará aparellado que a Comunidade Autónoma teña que adaptar a súa lexislación ao contido de esta nova regulación.

En consecuencia, a Ordenanza do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de Silleda inscribirase dentro do ámbito de actuación da lexislación arriba referida.

Artigo 1º.- Obxecto e definición:

A presente ordenanza ten por obxecto a regulación do Servizo de Axuda no Fogar no Concello de Silleda, como prestación básica de actuación do servizos sociais comunitarios, inserta nun sistema integrado de Servizos Sociais, con planificación, coordinación e control publico.

O servizo de axuda no fogar ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, dende unha perspectiva integral e normalizadora, con carácter preventivo, educativo e rehabilitador, naquelhas situacións que teñan limitada a sua autonomía persoal ou nos casos de desestructuración familiar, facilitando a permanencia no seu propio entorno de convivencia, favorecendo a súa calidade de vida e evitando ou retardando a sua posible institucionalización.

O servizo de axuda no fogar constitue un conxunto de intervencións profesionais, que teñen por obxecto a atención de situacións de dependencia no entorno do domicilio habitual dos/as usuarios/as, fomentando a autonomía persoal e favorecendo a complementariedade da familia e das redes da apoio a mesma. Este conxunto de intervencións serán realizadas por persoal cualificado e sempre coa supervisión técnica por parte do servizos sociais comunitarios do concello.

A finalidade do SAF é a prestación de atencións e coidados de carácter persoal, doméstico, psico-social, educativo e preventivo, orientado a facilitar aos usuarios/as a autonomía persoal suficiente no seu medio habitual, mentres isto sexa posible e conveniente.

Artigo 2º.- Obxectivos:

O obxectivo xeral do SAF e promover unha mellor calidade de vida das persoas, potenciando a sua autonomía e unhas condicións axeitadas de convivencia no seu propio contorno familiar e socio comunitario.

Obxectivos Específicos:

- Favorecer a permanencia das persoas e unidades de convivencia con limitacións de autonomía persoal no seu contorno habitual o maior tempo posible e coa maior calidade de vida.
- Previr situacíons de crise persoal ou familiar, prestando un conxunto de atencíons a aquelas persoas que se atopan en situacíons de carencia de autonomía ou autovaleamento.
- Evitar ou retrasar o ingreso das persoas en centros residenciais, sempre que as circunstancias o fagan posible
- Optimizar as destrezas, capacidades e habilidades persoais e familiares que permitan o maximo grao de autonomía.
- Contribuir a creación de hábitos axeitados para garantir unha condicións de vida dignas.
- Promover cambios favorables na dinámica familiar.
- Apoiar e complementar a familia en situacíons de sobrecarga derivadas da atención as persoas dependentes ou de crise familiar.
- Prestar atención, apoio e intervencións de carácter socio educativo a unidades familiares con menores a cargo en situacíons de risco ou con atencíons deficitarias, ou ben noutras situacíons obxecto de intervención social.
- Facilitar aos coidadores familiares a disponibilidade de tempo para actividades de carácter persoal que teñan que realizar fora do domicilio.
- Promocionar outras formas de apoio sociocomunitario e do voluntariado social.

Artigo 3º.- Contido do servizo:

O SAF ten a consideración de prestación básica, que ofrecerá unha atención integral e polivalente os/as usuarios/as, abarcando a cobertura de diferentes necesidades da persoa e/ou familia, apoiando e fomentando os aspectos de relación humana, a autoestima e a mellora das condicíons de vida.

Todas as atencíons e distintas actividades ás que fai referencia este artigo desenvolveranse reforzando e complementando as capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, non eliminando nin substituindo as actividades que a persoa usuaria poida realizar e en ningun caso suplantará as responsabilidades familiares.

As actividades que se van a desenvolver dende o SAF poderán ser complementarias a outras intervencións realizadas polos/as distintos/as profesionais doutros programas e proxectos dos servizos sociais.

Para a realización das diversas atencíons para desenvolver dende o SAF, a persoa usuaria deberá dispor ou proverse dos medios necesarios, contando, si é preciso, co apoio e asesoramento dos servizos sociais comunitarios.

De conformidade coa valoración técnica realizada polos servizos sociais comunitarios, poderá prestarse os seguintes tipos de atención , de acordo coa seguinte tipoloxia:

1.- Atencíons de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria:

Comprende as tarefas dirixidas especificamente á persoa usuaria cando esta non poida realizarlas por si mesma ou precise de apoio para levalas a cabo:

- Asistencia para levantarse o deitarse
- Apoyo no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.
- Control do réxime alimentario e axuda, se e o caso, para alimentarse.
- Supervisión do estado de saude, se procede, da administración da medicación prescrita por facultativos.
- Apoyo ou axuda para cambios posturais, mobilizacións, orientacións espacio-temporais.
- Apoyo a persoas afectadas por problemas de incontinencia.
- Adestramento na realización das actividades da vida cotiá no entorno doméstico que potencien a autonomía do/a usuario/a.

2.-Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:

- Acompañamento fora do fogar para acudir a consultas, tratamentos ou a outras actividades de ocio e/ou convivencia social.
- Apoio na realización de xestións necesarias ou urxentes.

3. - Atencións das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
- Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- Preparación de alimentos.
- Lavado, coidado das prendas de vestir e pasar o ferro.
- Coidados básicos da vivenda.
- Calquera outra tarefa necesaria para o normal funcionamento do domicilio do/a usuario/a, referenciada no proxecto individual de intervención.

Este tipo de atencións poderá ser facilitado en parte,se e o caso, por programas específicos de lavandería ou alimentación a domicilio.

4.- Atencións de carácter psicosocial: que favorezan a participación familiar e co entorno, así como de apoio ao desenvolvemento de capacidades persoais tales como a afectividade, a convivencia na estructura familiar, facilitar actividades de ocio no propio fogar, apoio e orientación nos cambios da dinamica e estructuración familiar así como a integración na comunidade,

5.- Atencións de carácter socioeducativo:

Son aquellas intervencions formativas, entre outras, na adquisición de hábitos e habilidades e de organización, tales como: cambios de hábitos de orde e limpeza, apoio na organización do orzamento familiar, práctica en habilidades sociais, organización doméstica, apoio no manexo da correspondencia, do teléfono, etc.

6.-Atencións de carácter técnico e complementario:

Son as actuacións que poidan ser necesarias ben para a posta en funcionamento do servizo, ben para que continue en condicions idoneas ou para permitir unha atención inmediata en situacións de crise ou emergencia.

En ningun caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo SAF:

- A realización de actividades domésticas que non fosen incluidas no proxecto de intervencións e no acordo do servizo.
- Actuacións que, polo seu carácter sanitario deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

Todas as atencións prestadas a traves do SAF deberanse desenvolver, entendendo o servizo de axuda no fogar, como un apoio a unidade familiar ou de convivencia de tipo:

- Asistencial
- Preventivo: evitando internamentos e permitindo a convivencia no seu medio normalizado, así como a participación na dinámica familiar e social.
- Educativo: reforzando procesos de adquisición de hábitos e organización do fogar, para o funcionamiento autónomo da unidade familiar.
- Rehabilitador: tratando de recuperar e restablecer a autonomía e o desenvolvemento de capacidades atrofiadas ou non desenvolvidas suficientemente.

Artigo 4º.- Pessoas destinatarias:

O SAF estara dirixido a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idoneo de atención.

Son potenciais usuarios/as do servizo:

- As persoas maiores con déficits de autonomía.
- Persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato.
- Fogares con menores en que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo.
- Tamén podera dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.
- En xeral, cando exista unha situación de desatención social ou familiar, avaliada tecnicamente que xustifique a intervención do servizo.

En todo caso, darase prioridade no acceso ao servizo as persoas que tenan un dereito reconecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención a dependencia.

Artigo 5º.- Modalidades de acceso ó servizo, organización e procedemento.

O acceso ao servizo de axuda no fogar municipal producirase de acordo co seguinte:

1.- ACCESO DIRECTO.

1.1.- O acceso será prioritario e directo para as persoas que, tendo recoñecida unha situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución de programa individual de atención, e consonte a aplicación do programa de asignación de recursos, establecido no título II do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o reconecemento da situación de dependencia e do dereito as prestacions do sistema para a autonomía e atención a dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos. Para estes efectos, o Concello de Silleda, cando sexa o caso, procederá a dar de alta as persoas en agarda, de acordo coa orde de prelación establecida no programa de asignacion de recursos.

As persoas para as que o programa individual de atención, determine o servizo de axuda no fogar como recurso principal ou idóneo terán, en todo caso, preferencia sobre aquelas ás que se lles asigne o servizo de axuda no fogar como respiro do coidador.

2.- ACCESO DE LIBRE CONCORRENCEIA.

2.1.- Para as persoas que non tenan o reconecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catalogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo, logo da prescripción técnica do profesional de referencia resolverase en rexime de libre concorrenceia, segundo o seguinte procedemento:

a. Presentación da solicitude, segundo o anexo I desta ordenanza, dirixida ao Alcalde(sa) no Rexistro Municipal do Concello, acompañada da seguinte documentación:

I. Fotocopia do DNI da persoa beneficiaria do servizo e das persoas que convivan no mesmo domicilio, de ser o caso.

II. Fotocopia da tarxeta sanitaria da persoa solicitante

III. Certificado de convivencia

IV. Informe médico ou clínico sobre o seu estado de saude

V. Certificado de discapacidade e/ou certificado do grao e nivel de dependencia, de ser o caso

VI. Xustificantes de ingresos da persoa solicitante e do resto dos membros da unidade de convivencia:

1. Fotocopia da ultima declaracion da renda ou no seu defecto certificado de imputacións do IRPF expedido pola Axencia Tributaria.

2. Certificados de todos os ingresos procedentes de salarios, pensións, subsidios e outros bens que posuan

3. Xustificante de aluguer de vivenda, de ser o caso.

4. Calquera outra documentación que sexa requerida polo traballador/a social para a valoración do seu expediente.

En todo caso, o tratamento da información contida nos expedientes individuais realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

As solicitudes incompletas contarán cun prazo de 10 días para enmendar deficiencias, en caso de non facelo, serán arquivadas sen mais trámite tal como se establece na lexislación que regula o procedemento administrativo.

b. As solicitudes presentadas serán valoradas polo/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios do concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante o informe técnico, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto, tendo en conta todas as circunstancias de necesidade e a aplicación do baremo establecido a tal fin, segundo anexo I

c. O departamento de Servizos Sociais elaborara un Informe – proposta que será elevado ao Sr. Alcalde-Presidente, que no prazo máximo de tres meses, resolverá as solicitudes presentadas no Rexistro Xeral do Concello. En caso favorable, a mesma terá a consideración de alta no servizo. En caso de non existir disponibilidade, a solicitude pasará a integrarse na lista de agarda, nunha orde de prioridade determinada pola puntuación que obtivese na aplicación do baremo. En caso de empate de puntuación, atenderase por orde temporal da demanda.

d. Cando concorran circunstancias que aconsellen a intervención inmediata do servizo, a Alcaldía resolverá o expediente, a vista do informe-propuesto do/a traballador/a social. Este informe conterá as causas que motiven a tramitación pola vía de urxencia. O procedemento de urxencia terá validez mentres se manteña a situación desencadeante. A desaparición desta, levará consigo a extinción do servizo e a tramitación pola vía ordinaria.

e. Para o inicio da prestación do servizo será requisito previo asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo II desta ordenanza (anexo III da Orde de 22 de xaneiro de 2009).

f. Anualmente, farase unha revisión de todas as persoas beneficiarias do servizo, co fin de comprobar que cumpre as condicións para a continuidade do mesmo. Para a renovación anual do servizo, as persoas beneficiarias deberán presentar a documentación establecida no apartado a) deste artigo, agas aquela que xa conste no seu expediente individual.

2.2.- Para determinar a asignación do servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrencia, estarase ao establecido no Anexo I.. Non obstante os puntos que poideran obter, de as persoas maiores de 80 anos que, ou ben vivan soas ou ben acompañadas de outro maior de 80 anos, sexa ou non convive, terán acceso directo ao servizo cun mínimo de 2 horas.

2.3.- Asimesmo, as persoas valoradas como dependentes sin PIA, terán acceso directo ao servizo cun mínimo de 2 horas, en función do grao de dependencia, de tal xeito que:

- Pessoas con grao I: mínimo de 2 horas
- Pessoas con grao II: mínimo de 4 horas
- Pessoas con grao III: mínimo de 6 horas

Artigo 6º.- Desenvolvemento da prestación do servizo.

1. O prazo de alta no servizo, sera como máximo dunha semana, dende que a persoa usuaria se lle asigna o recurso dende o Programa de Asignacion de Recursos para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de dependencia, ou dende que se aproba a sua solicitude na Xunta de Goberno Local, para as persoas que acceden ao servizo na modalidade de libre concorrencia. Para as persoas usuarias as que se lles concede o servizo, pola vía de urxencia, o prazo de alta sera como máximo de dous días.

2. Previo ao inicio do servizo, o persoal técnico realizará unha avaliacion da situación e establecerá un consenso coa persoa usuaria, sobre as actuacións e tarefas a desenvolver no domicilio. Designarase tamen a persoa profesional de referencia.

3. A asignación do persoal de atención directa farase en base o perfil requerido para cada caso concreto e realizarase unha visita domiciliaria para a presentación do persoal de atención directa á persoa usuaria. Se a persoa beneficiaria, rexeita ao/a auxiliar de axuda no fogar que se lle asigna, sen razon suficientemente xustificada, pasará a lista de espera ata que se lle asigne outro/a auxiliar, sempre que sexa técnicamente posible.

Os cambios no persoal técnico asignado, así como nos horarios de prestación do servizo, que deban efectuarse, por circunstancias de necesidades de organización do servizo, comunicaranse a persoa beneficiaria, seguindo en vigor o acordo asinado.

4. Para o inicio da prestación do servizo, será requisito previo, asinar o acordo de servizo, segundo o modelo establecido no anexo II desta ordenanza.

5. O persoal tecnico elaborará un proxecto de intervención, (anexo II da Orde do 22 de xaneiro de 2009), que deberá conter: dias da semana de atención, horario concreto no que se desenvolverá a prestación, identidade do persoal de atención directa responsable da execución do proxecto, obxectivos e tarefas a desempeñar no domicilio, seguimento efectivo da prestación no domicilio do usuario, con carácter mínimo bimensual.

6. Farase entrega á persoa usuaria, dunha copia da ordenanza municipal de axuda no fogar, debidamente visada polo organo competente.
7. Así mesmo, entregarse á persoa usuaria e ao persoal de atención directa, do documento que conteña as tarefas a desenvolver no domicilio.
8. Informarase ás persoas usuarias da existencia dun libro de reclamacións, que estará á súa disposición, para calquera queixa ou reclamación. No caso de queixa ou reclamación, facilitarase unha copia da queixa a persoa usuaria e remitirase o orixinal ao servizo de inspección no prazo de tres días, xunto cun informe do caso, segundo establece o artigo 6 i) do Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o rexime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección de servizos sociais en Galicia.
9. O departamento de Servizos Sociais abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia a que presta o servizo, no cal constará, cando menos:
 - Un informe de avaliación inicial, asinado polo técnico competente, responsable da coordinación do servizo de axuda no fogar.
 - Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable (anexo II da Orde do 22 de xaneiro de 2009)
 - Un acordo de servizo asinado entre o concello de Silleda e a persoa usuaria, segundo o anexoII desta ordenanza.
 - Informes de seguimentos periódicos, que terán un carácter bimensual, ou extraordinarios, cando as circunstancias así o aconsellen.

Artigo 7º.- Intensidade do Servizo:

A intensidade do Servizo determinarase en horas mensuais, distribuidas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico, diferenciarase así mesmo entre as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia que estará predeterminado no seu programa individualizado (PIA). A sua aplicación será flexible, e garantirá a cobertura das necesidades persoais na realización das actividades básicas da vida diaria, relacionadas no artigo 4.1o.a) da orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, todos os días á semana.

Nos restantes casos a intensidade do servizo, virá determinada na prescripción efectuada polo departamento de servizos sociais do Concello.

Artigo 8º.- Criterios de Organización e Procedemento:

O Concello, como entidade pública, poderá contratar a prestación deste servizo, no ámbito das suas competencias a empresas, cooperativas, entidades privadas, etc, debidamente autorizadas, segundo o regulado no RDL 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

As entidades privadas poderán realizar a prestación dun servizo privado de axuda no fogar en réxime de libre mercado sempre que cumpran os requisitos de autorización e acreditación legalmente establecidos. Ademais, as entidades privadas non poderán subcontratar a execución da prestación principal do SAF, entendendo por tal a atención regular e continuada realizada no fogar da persoa ou unidade de convivencia usuaria, en aplicación do proxecto de intervención deseñado para cada caso. Sen embargo, poderanse subcontratar prestacións complementarias do servizo, entendendo por tales aquelas que non teñan carácter regular, as que se poidan executar fora do domicilio e as que reforcen a atención regular por medios técnicos ou humanos especializados.

1.- No procedemento a desenvolver na modalidade de **ACCESO DIRECTO**, dirixido a persoas con dependencia valorada e que tenen a resolución do programa individual de atención (PIA) onde se determine o servizo de axuda no fogar, a que terá a consideración de resolución de asignación e incorporación ao servizo, será de aplicación o seguinte:

1.1.- Cando no Concello se teña coñecemento a través do sistema informático utilizado, da existencia de un novo usuario por esta modalidade, iniciaranse os trámites para proceder a alta do mesmo no servizo.

1.2.- O/A traballador/a social dos servizos sociais comunitarios, realizarán a visita domiciliaria para a valoración da situación actual elaborando o proxecto de intervención e informe social no que se

contemplara a capacidade económica da persoa usuaria e a cota de cofinanciación correspondente cando proceda.

Cando teñan que participar no cofinanzamento do servizo, incorporarase no expediente unha orde de domiciliación bancaria

1.3.- O servizo iniciarase previa presentación do persoal da entidade prestadora do servizo por parte do persoal técnico dos servizos sociais comunitarios, no prazo máximo dunha semana.

2.- Na modalidade de LIBRE CONCORRENCIA, sera de aplicación o seguinte:

a) O procedemento iniciarase por instancia de parte, de conformidade cos principios xerais recollidos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Rexime Xurídico das Administracións e do procedemento administrativo común, e cos baremos que se elaboren en desenvolvemento do estipulado nesta orde.

b) Cando circunstancias debidamente acreditadas no expediente así o xustifiquen, o procedemento de acceso ao servizo poderá iniciarse de oficio.

c) As solicitudes dos particulares para acceder ao servizo deberán ser valoradas en toda caso por unha traballador/a social dos servizos sociais comunitarios do concello, que, unha vez realizada a correspondente visita domiciliaria, determinará, mediante informe preceptivo e vinculante, a idoneidade do servizo, así como a intensidade recomendable para cada caso concreto, de ser o caso.

d) O órgano competente para ditar a resolución será o/a Alcalde/sa ou órgano delegado en virtude da delegación de competencias de conformidade co disposto no artigo 21.1 letra s) da Lei 7/85, de 2 de abril Reguladora das Base de Réxime Local.

3.- Unha vez notificada a resolución de concesión do servizo, deberán acordarse, entre os servizos sociais comunitarios do concello e a persoa usuaria, as condicións básicas da prestación, que se substanciarán no acordo do servizo (ANEXO II).

4.- Non obstante o establecido no parágrafo anterior, cando concorran circunstancias que aconsellen unha intervención inmediata do servizo, esta poderá iniciarse de forma inminente sen necesidade de acollerse ao procedemento de lista de espera regulado no artigo 9.4 desta ordenanza, bastando para isto o informe-proposta do Departamento de Servizos Sociais correspondente, no que se argumentarán as circunstancias que aconsellen esta inmediatez así como a conseguinte proposta e unha Resolución de Alcaldía o respecto.

O inicio da prestación por via de urxencia suporá en todo caso a tramitación do expediente de solicitude do servizo, de acordo co procedemento establecido anteriormente.

5.- Na prestación do servizo, ademais do persoal profesional, podera colaborar persoal voluntario baixo a supervisión técnica dos servizos sociais municipais, para estos efectos cos procedementos contemplados na lexislación vixente en materia de voluntariado.

Artigo 9º.- Tramitación (Libre concorrenza):

1.- Recibida a solicitude xunto coa documentación correspondente, o persoal municipal responsable do servizo de axuda no fogar, procedera a comprobar os datos aportados e que a solicitude reúne os requisitos establecidos na presente ordenanza comunicando a persoa solicitante que nun prazo de 10 días emende a falla ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que si non se fixera así, de acordo co art. 71.1º da lei 30/1992 do 26 de novembro de Rexime Xurídico da Administración Pública e do procedemento administrativo común, se terá por desistido da súa petición.

2.- Unha vez completados os expedientes e realizada a visita domiciliaria así como as entrevistas necesarias, elaborarase o informe – proposta, no que se recollera ademais da información do informe social, os seguintes datos:

- a) Proposta de concesión / denegación.
- b) Causa de denegación no seu caso
- c) Puntuación total.
- d) Tarefas a realizar
- e) Horario do servizo, duración e intensidade do mesmo.
- f) Aportación económica do/a beneficiario/a
- g) Observacións no seu caso

3.- A proposta de resolución tanto favorable como desfavorable, sera sometida a dictame da Xunta de Goberno Local ou Decreto do órgano competente municipal en materia de servizos sociais, cuxa resolución será remitida por escrito a persoa solicitante.

4.- De ser positiva a resolución, en función da dispoñibilidade do servizo, o/a beneficiario/a pasará a ser alta do SAF, ou ben a lista de espera, e ocupará nela o numero de orde que lle corresponda en función da puntuación acadada polo seu expediente trala sua baremación. No caso de igualdade de puntuación a prioridade establecerase pola antigüidade na lista de espera.

A concesión do servizo considerase prorrogada en tanto non se acorde a sua baixa por Resolución do organo municipal competente ou ben presente baixa xustificada da persoa interesada.

Contra a denegación do servizo, a persoa interesada podera interpoñer os recursos e reclamacións estipulados na lexislación vixente.

5.- Este procedemento poderase acurtar cando unha situación reciba a consideración de urxente segundo o criterio do/a Traballador/a Social dos Servizos Sociais municipais. A sua xustificación estará motivada por presentarse a necesidade de forma imprevista e de súpito e/ou en situacions de alto risco e terá a validez so mentres se manteña a situación desencadeante. A sua desaparición levará consigo a extinción do carácter urxente do caso e pasará ao proceso ordinario de resolución da petición.

6.- Para a posta en funcionamento do servizo será requisito previo e imprescindible que o/a usuario/a asine un contrato interno a modo de compromiso de respecto as normas do servizo, as tarefas a desenvolver e achega económica correspondente.

Artigo 10º.- Requisitos (Libre concorrenza):

Son requisitos xerais para ter acceso o servizo:

- Estar empadroad/a e con residencia efectiva no concello de Silleda.
- Facilitar a documentación requerida para efectuar a solicitude.

Artigo 11º.- Requisitos específicos.

1. Existirá un profesional de referencia, que actuará como coordinador do servizo e que deberá estar en posesión dunha cualificación mínima de diplomatura universitaria na área de servizos sociais. No caso de que o número de persoas usuarias sexa menor de 50, o persoal técnico mínimo exigible será de 0,02 profesionales en computo de xornada completa por persoa usuaria. Nos demás casos aplicarase a seguinte taboa:

Número de persoas usuarias-----	Persoa(s) técnica(s) mínima(s)
50 a 99-----	1 técnico/a titulado/a xornada completa
100 a 199-----	2 técnicos/as titulados/as a xornada completa
200 a 399-----	3 técnicos/as titulados/as a xornada completa
Incrementos sucesivos-----	Por cada grupo de 200 persoas usuarias corresponderá un incremento de 1 técnico/a titulado/a a xornada completa.

2. O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que, no caso de prestar o servizo a persoas en situación de dependencia valorada, deberán estar en posesión do título de formación profesional de grao medio de atención sociosanitaria ou equivalente, regulado no Real decreto 496/2003, do 2 de maio, ou en posesión do certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente, regulado no Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e a comunidade.

3. O seguimento da prestación do servizo nos domicilios das persoas usuarias realizarase polo persoal coordinador sempre que as circunstancias o fagan necesario e, como mínimo, con carácter bimensual. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, o contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo de servizo.

4. O Concello de Silleda, e de ser o caso, a entidade prestadora en réxime privado do servizo, abrirá un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia a que presta o servizo, no cal constara, cando menos:

- a. Un informe social, asinado por un traballador ou traballadora social da entidade titular do servizo.
- b. Un proxecto de intervención, asinado polo técnico responsable, segundo o Anexo II desta ordenanza
- c. Un acordo de servizo asinado entre o Concello de Silleda e a persoa usuaria, segundo o anexo III desta ordenanza
- d. Informes de seguemento periodicos, que teran un caracter bimensual, ou extraordinarios, cando as circunstancias asi o aconsellen.

En todo caso o tratamento da información contida nos expedientes realizarase de acordo coa Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Artigo 12º.- Prazo de presentación de solicitudes (Libre concorrenza):

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto todo o ano.

Artigo 13º.- Profesionais do servizo (funcións):

Son funcións das Auxiliares de Axuda no Fogar :

- Executar as tarefas de atención persoal e doméstica desenadas no proxecto de intervención.
- Facer a persoa usuaria participe do seu proceso de vida e non substituilo naquelas funcións que poida desenvolver por si mesma.
- Orientación en actividades da vida cotia, favorecendo unha normalización no funcionamento do fogar.
- Educar e apoiar as persoas usuarias para crear ou manter hábitos de hixiene da vivenda, aseo persoal, control da medicación, etc
- Actuar de enlace entre a persoa usuaria e os técnicos do servizo
- Colaborar co persoal técnico no seguimento e avaliación
- Favorecer o apoio social as persoas usuarias facilitando e fomentando o contacto co exterior.

Artigo 14º.- Dereitos das persoas usuarias do servizo:

As persoas usuarias do servizo, ao abeiro do establecido no artigo 6 da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, teran dereito:

- 1.- Ao acceso ao servizo e a seren tratadas con respecto debido a sua dignidade, intimidade e autonomía, en condicións de igualdade e sen ningún tipo de discriminación, tanto polos profesionais que prestan o servizo, como por parte dos servizos sociais municipais.
- 2.- A recibiren unha atención individualizada e adaptada as suas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.
- 3.- A recibiren unha información de xeito axil, suficiente, veraz e comprensible sobre os recursos e as prestacións do sistema galego de servizos sociais, así como a que sexan asistidas e orientadas nos trámites necesarios de cara ao seu acceso aos demais sistemas de benestar social.
- 4.-A teren asignada unha persoa profesional de referencia que actue como interlocutora principal e que asegure a coherencia da intervención.
- 5.- A coneixeren a organización e a ordenanza reguladora do servizo
- 6.- A coneixeren a situación do seu expediente.
- 7.- Ao tratamento confidencial dos seus datos de acordo co disposto na Lei Orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.
- 8.- A recibiren información precisa e clara sobre as posibles modificacións sobrevidas durante a prestación efectiva do servizo.
- 9.- A calidade dos servizos recibidos e a presentaren queixas e suxestións ao persoal coordinador do servizo cando expresaren reclamacións ou fixesen suxestións sobre a sua prestación efectiva.
- 10.- Ao respecto dos seus dereitos lingüísticos, garantindo, en todo caso, o desenvolvemento da actividade do servizo dende a práctica dunha oferta positiva do idioma galego.

Artigo 15º.- Deberes das persoas usuarias do servizo:

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se establecen no artigo 7 da Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, e, se e o caso, na lexislación vixente sobre o procedemento administrativo comun, terán os seguintes deberes:

1. Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos.
2. Facilitar a información precisa e veraz sobre as circunstancias determinantes para o acceso e utilización dos servizos, así como comunicar ao persoal de referencia, os cambios de circunstancias familiares, sociais ou financeiras que puideren resultar relevantes na asignacion, modificación, suspensión ou extinción das prestacions ou servizos.
3. Cumprir coas condicións do servizo, facilitando e colaborando na execución das tarefas do persoal ao seu cargo e pondo a sua disposición, cando se trate dun servizo realizado no domicilio, os medios materiais necesarios.
4. Colaborar co persoal encargado do seu caso, acudindo as entrevistas programadas, seguindo as orientacións e participando no desenvolvemento das actividades incluidas no servizo, centro ou programa en función das suas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
5. Manter unha actitude positiva de colaboracion coas persoas profesionais dos servizos sociais comunitarios, participando activamente no proceso pautado de mellora, autonomía persoal e inservicion social.
6. Facilitar e cooperar no seguimento, avaliacion e inspección do servizo.
7. Respectar a dignidade persoal e profesional das persoas que lles presten o servizo, así como respectar os límites das suas obrigas laborais.
8. A comunicar, con dez días de antelación, en circunstancias ordinarias e previsibles, calquera ausencia temporal que puidese impedir ou dificultar a execución dos servizos que, se fose o caso, se prestasen no seu domicilio.

Artigo 16º.- Obrigas do persoal do servizo municipal de axuda no fogar:

- 1.- Observar un trato respetuoso cara a persoa usuaria, evitando que a confianza con este e a sua familia interfira no traballo.
- 2.- Respectar a intimidade da persoa usuaria e gardar a debida confidencialidade.
- 3.- Respectar integralmente o horario e as tarefas establecidas e non realizar cambio algun sen previa autorización do profesional responsable.
- 4.- Avisar aos usuarios/as das suas ausencias coa debida antelación, trala autorización do xefe de persoal e a comunicación ao profesional responsable do servizo.
- 5.- Non recibir en custodia, en ningun caso, diñeiro, xoias nin obxecto algúin.
- 6.- Non recibir ningun tipo de agasallo, prestación ou gratificación por parte do/a usuario/a
- 7.- Non disponer das chaves do domicilio, agás cando as condicións das situación concreta asi o esixan, sempre coa demanda e consentimento do/a usuario/a e aceptación da traballadora social responsable do SAF.
- 8.- Manter unha relación de equilibrio afectivo axustado a/o usuaria/o.
- 9.- Avisar aos responsables da entidade adxudicataria da prestación do SAF ou no seu caso, aos servizos de urxencia correspondentes, naquelhas situacións en que durante a prestación do servizo exista un risco para a integridade do/a beneficiaria/o.

Artigo 17º.- Causas de extinción, modificación ou suspensión temporal do servizo:

- 1.- Serán causas de extinción do servizo de axuda no fogar, previa instrucción do correspondente expediente e audiencia da persoa interesada e por conseguinte a baixa no mesmo, as seguintes:
 - a) Por renuncia da persoa usuaria. (Anexo V)
 - b) O cambio de programa individual de atención ou proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a sua incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.

- c) Traslado definitivo da sua residencia a outro Concello.
- d) Falecemento da persoa usuaria
- e) Desaparición das causas que motivaron o servizo
- f) Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestacion do servizo.
- g) A falta reiterada do pagamento do servizo.

2.- Serán causas de modificación das condicións da prestacion do servizo de axuda no fogar as seguintes:

- a) A alteración das circunstancias tidas en conta para a concesion do servizo podera dar lugar a modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias en calquera caso, deberan substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe e acordo do servizo.
- b) As modificáisons tamen poderán producirse a petición da persoa interesada/o mediante solicitude subscrita pola mesma e coa valoracion do/a traballador/a social dos servizos sociais comunitarios, a vista dos posibles cambios da situación que motivou a concesión.
- c) As persoas usuarias que tiveran accedido ao servizo de axuda no fogar polo sistema de libre concorrenza, e fosen valoradas con posterioridade correspondendolle a efectividade do dereito, poderan ver modificadas as condicións da prestación do servizo conforme ao establecido no programa individual de atencion e a normativa de aplicación.

3. Cando se trate dun servizo público de axuda no fogar, asignado a persoas en situación de dependencia, na correspondente resolucion de Programa Individual de Atencion, consonte o establecido na Orde de 2 de xaneiro de 2012, de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o reconecemento do sistema para a Autonomía e Atención a Dependencia, o procedemento para a elaboracion do Programa Individual de Atención e a organizacion e funcionamento dos órganos técnicos competentes, modificado polo Decreto 148/2011, do 7 de xullo, a incoación por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción ou modificación das condicións de prestación do servizo, deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

4.- Seran causas de suspensión temporal do servizo de axuda no fogar as seguintes:

- a) A ausencia temporal do domicilio, neste caso o servizo podera suspenderse por un máximo de tres meses para os usuarios de libre concorrenza e por un máximo de dous meses para os usuarios de dependencia, debendo acreditar a persoa usuaria as causa que motivaron esta ausencia
- b) Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomia e a atencion a dependencia, suposto no que se estara ao disposto na correspondente normativa reguladora.

Todas as extincións, modificáisons e/ou suspensóns efectuadas sobre a prestación do SAF, será necesario o informe social do/a traballador/a social municipal, que deberá ser incorporado ao expediente.

RÉXIME ECONÓMICO E FINANCIERO:

Artigo 18º.- Determinación da capacidade económica do sistema de atención a persoas usuarias da dependencia.

1. A capacidade económica das persoas dependentes, valoradas con dereito reconocido de atención, mediante o servizo de axuda no fogar, calcularase en atención a sua renda e, se e o caso, ao seu patrimonio. Teranse en conta, ademais, a renda e patrimonio do cónxuge e a existencia de persoas convivientes, económicamente dependentes. Para o cálculo da citada capacidade económica, observaranse as normas de aplicación á materia, vixentes en cada momento, polo órgano competente en materia de servizos sociais da Xunta de Galicia.

2. O resultado do cálculo da capacidade económica, correspondente as persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido no servizo de axuda no fogar, constará na resolución do plan

individualizado de atención que se desenvolva en cada caso, de conformidade co que establece o artigo 38 do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito as prestacións do sistema para a autonomía e atención a dependencia, o procedemento para a elaboracion do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Artigo 19º.- Determinación da capacidade económica das persoas usuarias doutros servizos que impliquen copagamento.

No servizo de axuda no fogar prestado a persoas ou unidades de convivencia distintas as referidas no artigo anterior, o cómputo da capacidade económica farase de acordo cos seguintes criterios:

1. Computarase a renda de todas as persoas residentes na mesma unidade de convivencia. Para estes efectos considerase renda a suma de calquera das modalidades de ingreso a que se refire o artigo 6.2 da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas.
2. Computarase, así mesmo, o patrimonio neto de todas as persoas residentes na unidade de convivencia. Para estes efectos, entendese por patrimonio neto o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexan titulares, determinados consonte as regras de valoracion recollidas na Lei 19/1991, do 6 de xuno, do imposto sobre o patrimonio, con dedución das cargas e gravames de natureza real que diminuan o seu valor, así como das debedas e obrigas persoais das cales deba responder. Igualmente, para o cómputo do patrimonio neto deberan terse en conta as exencións que preve a Lei 19/1991, do 6 de xuno, do imposto sobre o patrimonio, ao respecto da vivenda habitual e doutros bens e dereitos.
3. A capacidade económica calcularase sumando todas as rendas computables, modificadas a alza pola suma dun 5% do patrimonio neto en cómputo anual, e dividindo o resultado da dita suma entre o total de persoas que convivan no fogar.

Artigo 20º.- Participación no financiamento do servizo das persoas dependentes con derecho de atención recoñecido como usuarias do servizo de axuda no fogar.

1.- No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con derecho de atención recoñecido sexa igual ou inferior ao indicador publico de rendas a efectos multiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

Táboa de copago dependentes:

Nivel I	Grado I		Grado II		Grado III	
	Nivel II	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II	
Capacidad económica (referenciada al IPREM)	al 20 horas	30 horas	40 horas	55 horas	70 horas	90 horas
Inferior o igual al 100% del IPREM	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
Mayor del 100% y menor o igual al 115% del IPREM	4,52%	6,56%	8,59%	11,42%	14,47%	18,09%
Mayor del 115% y menor o igual al 125% del IPREM	5,41%	7,84%	10,28%	13,66%	17,31%	21,64%
Mayor del 125% y menor o igual al 150% del IPREM	5,55%	8,05%	10,54%	14,01%	17,76%	22,19%
Mayor del 150% y menor o igual al 175% del IPREM	5,65%	8,19%	10,73%	14,26%	18,07%	22,59%
Mayor del 175% y menor o igual al 200% del IPREM	5,72%	8,30%	10,87%	14,45%	18,31%	22,89%
Mayor del 200% y menor o igual al	5,81%	8,42%	11,03%	14,66%	18,58%	23,23%

Nivel I	Grado I		Grado II		Grado III	
	Nivel II	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II	
215% del IPREM						
Mayor del 215% y menor o igual al 250% IPREM	6,03%	8,75%	11,46%	15,24%	19,31%	24,14%
Mayor del 250% y menor o igual al 300% IPREM	6,24%	9,05%	11,86%	15,76%	19,97%	24,97%
Mayor del 300% y menor o igual al 350% IPREM	6,42%	9,30%	12,19%	16,20%	20,53%	25,66%
Mayor del 350% y menor o igual al 400% IPREM	6,54%	9,48%	12,42%	16,51%	20,93%	26,16%
Mayor del 400% y menor o igual al 450% IPREM	6,63%	9,62%	12,60%	16,75%	21,22%	26,53%
Mayor del 450% y menor o igual al 500% IPREM	6,70%	9,72%	12,74%	16,93%	21,45%	26,82%
Superior al 500% del IPREM	6,76%	9,80%	12,84%	17,07%	21,63%	27,04%

- 3.- Nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ao seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores a cantidad expresada en cada columna da taboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidad a pagar sera minorada proporcionalmente a diminucion das horas efectivas de servizo.
- 4.- En ningun caso, o importe da participación económica que deberá ingresar a persoa beneficiaria en concepto de copagamento, podera exceder o 65% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

Artigo 21º.- Participación das persoas usuarias no financiamento doutros servizos que impliquen copagamento.

1. Para o servizo de axuda no fogar, en rexime de libre concorrencia, para as persoas que non tenan o reconecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia, segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, aplicarase a seguinte táboa que regula unha progresiva participación económica no custo do servizo en base o cálculo da capacidade económica per capita, de acordo co establecido no artigo 18 desta ordenanza.

MODALIDADE DE LIBRE CONCORRENCIA

Capacidade económica

Capacidade económica	Participación no custe do servizo de SAD básico
Menor do 0,80 do IPREM	0
Maior do 0,80 do IPREM e menor ou igual a 1,50 IPREM	30%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2 IPREM	50%
Maior de 2 e menor ou igual a 2,5 IPREM	70%
Maior de 2,5	90%

En calquera caso, e de acordo co establecido no artigo 62.4 do Decreto 99/2012, de 16 de marzo, establecese un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da sua capacidade económica.

Artigo 22º.- Afectación dos ingresos municipais polo copagamento dos servizos.

De conformidade co artigo 56.7 de Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia, en todo caso, os ingresos que recade o concello de Silleda en concepto de achega das persoas usuarias para a sua participación no custo dos servizos sociais comunitarios, estarán afectados ao financiamento dos servizos sociais que reciban.

Artigo 23º.- Da coordinación coas entidades privadas que atendan a persoas usuarias financiados total ou parcialmente con fondos públicos.

1. No caso de que o servizo de axuda no fogar se preste, a través dunha entidade privada, existirá unha coordinación efectiva cos servizos sociais.
2. Para tal efecto, establecerase un protocolo de comunicación de altas no servizo de cada persoa usuaria, dirixido aos servizos sociais comunitarios do concello.
3. Así mesmo, a entidade trasladara aos servizos sociais comunitarios, unha copia actualizada do correspondente proxecto de intervención e dos informes de seguimento.

Artigo 24º.- Obrigados ao pagamento.

Están obligados ao pagamento da tasa pola prestación do servizo, as persoas usuarias beneficiarias do servizo prestado por este Concello as que se refire o artigo 4.

Artigo 25º. -Nacemento da obriga de pago.

A obriga de pagar as tasas nace, en xeral, dende que se inicie a prestación do servizo e deberá facerse efectivo de acordo coas normas de xestión que se regulan na ordenanza correspondente.

Artigo 26º. - Infraccións e sancións.

As infracciones e sancions rexeranse, no relativo os pagos, pola Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria e polo Real Decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Reglamento Xeral de Recadación, e no resto das materias, polo disposto na Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA.-

Queda derogada a Ordenanza Reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Silleda publicada no BOP DE Pontevedra EN DATA 30 DE XULLO 2010(BOP nº 146)

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza entrará en vigor e producirá efectos a partir dos vinte días da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e en todo caso unha vez transcurrido o prazo a que se refire o art. 65. 2 en relación co art. 70.2 da Lei 7/85 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata que se aprueba a sua modificación ou derogación expresa.

ANEXO I

BAREMO PARA DETERMINAR A ASIGNACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EN RÉXIME DE LIBRE CONCORRENCIA.

FACTOR I.- AUTONOMÍA PERSOAL: Máximo total 70 puntos

O valor asignado en función da falta de autonomía das persoas será o que se deduza da valoración realizada polos órganos oficiais competentes para a valoración de discapacidade e do grao de dependencia.

A asignación de valor en función do factor autonomía persoal realizarase de acordo coas seguintes táboas:

A) TÁBOA DE EQUIVALENCIA PARA A VALORACIÓN DO NIVEL DE AUTONOMÍA PERSOAL: Máximo 20 puntos

TÁBOA DE EQUIVALENCIA PARA A VALORACIÓN DO NIVEL DE AUTONOMÍA PERSOAL

Sen minusvalía	Carencia de Autonomía pero pendente de	De 33% a 64% de discapacidade	De 65% a 74% de discapacidade	75%-100%	81%-87%	88%-93%	94%-100%	Grao de dis- capaci- dade, sen Valoración de ATP ou BVD			
				75%-100% de discapaci- dade e ata 14 pts ATP	75%-100% discapaci- dade e 15-29 pts ATP	75%-100% discapaci- dade e 30-40 pts ATP	75%-100% discapa- cidad e 45-72 pts BVD	Grao de discapaci- dade + Axuda terceira persoa(RD 1971/1999)			
				75% discapa- cidad e ata 24 BVD pts BVD	25-39 BVD pts BVD	40-49 pts BVD	50-64 pts BVD	65-74 pts BVD	75-89 pts BVD	90-100 pts BVD	Grao de discapaci- dade + axuda terceira persoa. Puntuación BVD (RD)
					Grao I, Nivel 1	Grao II, Nivel 1	Grao II, Nivel 1	Grao III, Nivel 1	Grao III, Nivel 1	Grao III, Nivel 1	Situación de dependencia (Decreto 176/2007)
0 pts	2 pts	2 pts	4 pts	8 pts	10 pts	12 pts	14 pts	16 pts	18 pts	20 pts	Puntuación Nivel de Autonomía persoal
TOTAL PUNTOS AUTONOMÍA PERSOAL											

B) INDICADOR VALORATIVO DE AUTONOMÍA/DEPENDENCIA PERSOAL: Máximo 50 puntos

Descripción de 11 actuaciones puntuadas de 0 a 7 puntos entendendo que:

- 1^a Columna corresponde a realizar as tarefas con normalidade
 2^a Columna corresponde a realizar as tarefas con dificultade
 3^a Columna corresponde a non poder realizar as tarefas

	Actuacións	Puntuación		
1.1.1.	Realizar a limpeza no fogar	0	2	3
1.1.2.	Lavar, tender e pasalo ferro	0	2	3
1.1.3.	Asearse, vestirse e espirse	0	3	7
1.1.4.	Preparar alimentos	0	2	3
1.1.5.	Erguerse e deitarse na cama, sofa	0	3	7
1.1.6.	Comer so/a	0	3	7
1.1.7.	Saír so/a do fogar	0	3	5
1.1.8.	Realizar xestións, ir ao médico, banco, ...	0	3	6
1.1.9.	Manexar aparatos básicos, butano, luz, ...	0	2	3
1.1.10.	Administrar gastos para manutención	0	2	3
1.1.11	Administrar medicamentos	0	2	3
Total				

FACTOR II.- SITUACIÓN SOCIO-FAMILIAR: Máximo total 14 puntos

2.1.- A persoa non recibe ningún tipo de axuda por carecer de familiares directos, carecer de apoio social, non recibir ningún tipo de axuda por falla de relación e/ou interese coa persoa	14 punto
2.2.- A persoa ten familia directa pero non recibe axuda	10 punto
2.3.- A persoa recibe axuda de familiares que presentan as seguintes circunstancias	Puntuación
a) Referidas o/a	Desocupado/a e/ou inactivo sen cargas familiares
coidador/a	Traballa media xornada
Situación socio laboral	Traballa a xornada completa en quenda continua ou partida
b) Referidas o/a	Ten menores de 16 anos ao seu cargo
coidador/a	
c) Referidas o/a	Ten outro familiar dependente ao seu cargo
coidador/a	
d) Referidas o/a	Ten recoñecidos facultativamente déficits na súa saúde que lle
coidador/a	dificulta a prestación da axuda

Concello	Ten 70 ou máis anos de idade	2 puntos
e) Referido ao potencial beneficiario do SAF	A persoa non acepta outro recurso mais axeitado á súa situación e libremente vivir soa	0 puntos
	A persoa forma parte da unidade familiar antes de demandar	0 puntos
	A persoa foi acollida tras presentarse a situación pola que	1 puntos

Total puntos situación socio familiar _____ Puntos _____

FACTOR III.- OUTROS ASPECTOS SOCIAIS: Máximo total 10 puntos

3.1. Vivenda (total 3 puntos) Puntos _____

Non ten neveira, quentador ou/e lavadora (1 punto) _____

Non reúne condicións mínimas de hixiene/habitabilidade (1 punto) _____

Existen barreiras arquitectónicas no interior/exterior da vivenda (1 punto) _____

3.2. Integración no contorno (total 7 puntos) Puntos _____

Situación de illamento ou de rexeitamento (4 puntos) _____

Ausencia de relacións sociais (2 puntos) _____

Existen escasas relacións coas persoas do contorno (1 puntos) _____

Total puntos outros aspectos sociais _____ Puntos _____

RESUME	PUNTOS
FACTOR I: TOTAL PUNTOS AUTONOMÍA PERSOAL	
FACTOR II: TOTAL PUNTOS SITUACIÓN SOCIO- FAMILIAR	
FACTOR III: OUTROS ASPECTOS SOCIAIS	

Puntos

TOTAL XERAL _____

INTENSIDADE DO SERVIZO SEGUNDO A PUNTUACIÓN OBTIDA:

PUNTOS OBTIDOS	INTENSIDADE DO SERVIZO (HS/SEMANAIS)
<21	0 *
21-25	2
26-35	4
36-40	6
41-50	8
51-60	10
>= 61	12

Non obstante os puntos que poideran obter, as persoas maiores de 80 anos que, ou ben viven soas ou ben acompañadas de outro maior de 80 anos, sexa ou non cónxuge, terán acceso directo ao servizo cun mínimo de 2 horas, tal e como se establece no artigo 5.2.1 da Ordenanza. Asímesmo, e segundo o artigo 5.2.2 desta Ordenanza, as persoas valoradas como dependentes sin PIA, terán acceso directo cun mínimo de 2 horas, en función do grao de dependencia, de tal xeito que:

- Persoas con grao I: mínimo de 2 horas
- Persoas con grao II: mínimo de 4 horas
- Persoas con grao III: mínimo de 6 horas

ANEXO
II

ACORDO DO SERVIZO

Reunidos en Silleda, o día _____ de _____, dunha parte don/dona _____ con DNI _____, e doutra, en calidade de técnico/a responsable do servizo de axuda no fogar do Concello de Silleda.

ACORDAN:

- 1.- Que o Concello de Silleda prestará o Servizo de Axuda no Fogar (SAF), á persoa arriba citada, desde o día do de
- 2.- Que a prestación do servizo de axuda no fogar realizarase con carácter indefinido para os usuarios de dependencia e para os usuarios de libre concorrencia por un prazo de, con posibilidade de prórroga segundo valoración do departamento de servizos sociais.
- 2.- Que o SAF se levará a cabo os días da semana..... por un total de horas mensuais.
- 3.-Que atendendo á Orde do 22 de xaneiro do 2009, que regula o servizo de axuda no fogar, ó Decreto 99/2012, de 16 de marzo e á Ordenanza fiscal municipal que regula as taxas do SAF, a persoa usuaria conta cunha capacidade económica de -----euros/mes, polo que lle Tf. 986 58 00 00 /Fax: 986 58 10 21 Rua do Trasdeza, nº55. 36540 Silleda - Pontevedra

Concello

corresponde unha porcentaxe de -----, sobre a súa capacidade económica. En base ao anterior acuerdo en conta a intensidade do servizo comprométese a achegar€ polo total de horas prestadas.

4.- Que a persoa usuaria acepta domiciliar o aboamento da taxa do SAF establecido, na entidade bancaria da súa elección, no número de conta autorizada para tal efecto.

5.- Que, de acordo co proxecto de intervención establecido para o caso, as actividades que se fixan inicialmente para o desenvolvemento do SAF son as seguintes:

Atencións de carácter persoal
Atencións persoais en outras actividades
Atencións de carácter doméstico
Atencións de carácter psicosocial e educativo
Atencións de carácter complementario

6. Que as modificacións que puidese haber nas condicións inmediatamente estipuladas neste acordo deberán ser recollidas nun documento novo asinado pola persoa usuaria e a persoa responsable do SAF, sendo anexada ao acordo inicial.

7.- Que o servizo se prestará atendendo ás condicións reguladas na Orde do 22 de xaneiro de 2009, que regula o servizo de axuda no fogar, a na ordenanza municipal sobre o SAF, onde están recollidos os dereitos e obrigas da persoa usuaria, baixas temporais e causas de extinción.

8.- Que calquera usuario poderá presentar calquera queixa ou reclamación por razón do servizo recolléndose as mesmas no libro creado ao efecto.

Ambas partes dan a súa conformidade a este acordo de prestación do SAF e asínao.

Silleda, ade.....de.....

A persoa usuaria

O/A técnico/a responsable

ANEXO III

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR SOLICITUDE DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR:

Don / Dona.....
Con DNI, Estado Civil.....
Data de nacemento....., Enderezo.....
Telefónos...../.....

EXPÓN:

Que precisa apoio na realización das tarefas que a continuación se sinalan para continuar no seu contorno habitual:

Tlf. 986 00 00 00 / 986 58 00 00
Atencións de carácter persoal:
Rúa do Trasdeza, nº55.
36540 Silleda - Pontevedra

- Atencións de carácter doméstico:

- Atencións de apoio psicosocial:

- Atencións de carácter socioeducativo:

- Atencións de carácter técnico e complementario

Por isto, SOLICITO sexa admitida a trámite a miña solicitude do Servizo de Axuda no Fogar, para que se proceda á valoración pertinente para a miña inclusión no servizo.

En Silleda, ade.....de.....

Asdo.:.....

SR/A. ALCALDE/ SA DO CONCELLO DE SILLEDA



ANEXO IV

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR INFORME MÉDICO

Recoñecemento efectuado polo/a Doutor/a..... Colexiado/a
nº..... médico
de..... Localidade.....
Teléfono.....

INFORMA:

Que reconhecido/a D./Dna. con data de nacemento
..... é

B.N.I. —————

Válese por sí mesmo para as actividades da vida diaria

**Presenta deficiencias ou limitacións de graoSI
físico**

No caso afirmativo, indicar de que tipo é o gasto:

	Leve	Importante	Total
Visuais ou auditivas			
Incontinencia			
Dificuldade no manexo de extremidades sup.			
Trastornos respiratorios			
Outros			

Presenta deficiencias ou limitacións de grao psíquico especificar cal é o grao:

SI **NON** No caso afirmativo,

	Leve	Moderado	Grave
Desorientación tempo-espacial			
Alteraciones de percepción			
Trastorno emocional			
Trastornos de memoria			
Trastornos de conducta			
Outros			

Atópase inmovilizado/a na SI cama: **NON**

Mobilidade: Independente Muleta ou bastón Cadeira de rodas

Discapacidade para:



	Independente	Necesita axuda	Dependente
Alimentación			
Vestido			
Aseo			
Baño			
Utilización WC			
Deitarse- Levantarse			

Diagnóstico, tratamento e cuidados que precisa:

SINATURA DO/A MÉDICO

de, **de 20**

Anexo V

RENUNCIA DO SERVIZO

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Nº de expediente: **Usuario:**

D./Dna.
domiciliado/a en con teléfono

de idade, veciño/a de Silleda
e D.N.I. nº

e
obrando en (1),

EXPON:

Que ven sendo beneficiario/a do Servizo de Axuda no Fogar dependente do Departamento Municipal de Servizos Sociais do Concello de Silleda dende _____ do _____, ata a data, e non estando interesado/a en seguir beneficiandose do mencionado Servizo, renuncia a referida axuda, poñendo no seu coñecemento para que se acorde conforme o manifestado.

Silleda, a

de de

.- Sr/a. ALCALDE/SA DO CONCELLO DE SILLEDA.-
(1) En nome propio, como mandatario, apoderado de D/Dna. .

Anexo VI

PARTE DE INCIDENCIAS

SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Nº de expediente: _____ Usuario: _____

D./Dna. _____, con D.N.I. nº _____ Servizo _____ de _____
Axuda no Fogar, con domicilio en _____

Pon no seu coñecemento que a auxiliar de axuda a domicilio dona _____,-,
non cumpre cos seguintes aspectos do contrato.

- Faltar ó traballo.
- Incumprimento do horario.
- Non realización das tarefas asignadas.
- Non respeta-la intimidade.
- Non respeta-la confidencialidade do Concello.

E para que conste e surta aos efectos oportunos. asino a presente en Silleda, a ____ de ____ de 201____

.- Sr/a. ALCALDE/SA DO CONCELLO DE SILLEDA.-

En Silleda a 23 de decembro de 2013. O Alcalde: Manuel Cuiña Fernández

6º.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE SILLEDA.

Procede o secretario a dar lectura do dictame da comisión informativa que é o seguinte:

"A Comisión Especial de Contas e Informativa de Economía, Facenda, Réxime Interior, Urbanismo, Medio Ambiente e Medio Rural, en sesión ordinaria celebrada o 20 de setembro de 2013, emitiu ao amparo do previsto no artigo 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o seguinte dictame que ten carácter preceptivo e non vinculante:

1º.-APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE SILLEDA.

Procede o Secretario á lectura da proposta que é a seguinte:

Vistas as actuacións contidas no expediente mediante o cal se tramita o proxecto da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar do concello de Silleda, procede o seu ditamen pola Comisión Informativa Especial de Contas e Informativa de Economía, Facenda, Réximen Interior, Urbanismo, Medio Ambiente e Medio Rural Facenda para su aprobación plenaria conforme á seguinte proposta de ACORDO:

PRIMEIRO: Aprobar provisionalmente a ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar

SEGUNDO: Someter o Expediente a Información Pública e Audiencia aos interesados polo prazo mínimo de trinta días, para a presentación de reclamacións

TERCERO: Finalizado o período de exposición pública, a Corporación adoptará o acordo definitivo que proceda, resolvendo as reclamacións que se tiñesen presentado e aprobando o texto definitivo da ordenanza, a súa derogación ou as modificacións a que se refira o acordo provisional. No caso de que non se presente ningunha reclamación entenderase definitivamente adoptado o presente acordo quedando facultado expresamente o Alcalde-Presidente para a súa publicación e execución."

Rematada a lectura ábrese unha primeira quenda de intervencións:

Sr. Espiño Espantoso dí que se foi revisada a ordenanza pola Xunta de Galicia e está adaptada á lexislación non ten nada que obxectar.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre quen pregunta se hai previsión de facer unha contratación externa do servizo de axuda no fogar ao que a Sra. García Troitiño contesta que a día de hoxe non.

Sometida a proposta a votación esta é dictaminada favorablemente cos votos a favor dos Srs Cuíña Fernández, García Troitiño, Brey Montaña e Rodríguez da Torre (4) e a abstención dos Sres Espiño Espantoso, Penela Mato e Asorey Suárez (3). En consecuencia queda dictaminada favorablemente a proposta de aprobación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar do concello de Silleda."

Acto seguido procédese á lectura da emenda presentad pola Alcaldía que é a seguinte:

EMENDA

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE SILLEDÀ

En aras de non subir o prezo/hora do servizo de axuda a domicilio en réxime de libre concorrencia para aquelas persoas que non teñen o recoñecemento da situación de dependencia ou a aquellas que non lles asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006 proponse a seguinte emenda:

Cambiar o prezo/hora de 13,50 euros sinalado no artigo 5.2 do Proxecto da Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Silleda e fixalo en 11 euros quedando redactado o artigo 5.2 do seguinte xeito:

5.2.- Para o servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrencia para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, establecese a seguinte regulación progresiva do copagamento do servizo, e que deberá respectar, en todo caso, os límites expresados na seguinte escala, fixándose o precio/hora en 11.00 €.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso dicindo que a ordenanza se adapta á legislación polo que anuncian o voto en sentido favorable.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre quen lle pregunta á concelleira de servizos sociais sobre a contratación do servizo ao que a concelleira resposta que xa llo explicou na comisión informativa.

Sometida a emenda a votación esta é aprobada por unanimidade (13)

Sometida a proposta xa emendada é aprobada por unanimidade (13) quedando redactada do seguinte xeito:

Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar do Concello de Silleda

Artigo 1º.- Fundamento e natureza

1.1 En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, o Concello de Silleda establece a taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, atendendo ó establecido nos artigos 20.4 e 57 do citado Real decreto lexislativo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

1.2 O servizo público de axuda no fogar configúrase como unha prestación do sistema público de benestar social establecida na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e de atención ás persoas en situación de dependencia e demais normativa estatal de desenvolvemento, Lei 13/2008, de servizos sociais de Galicia e demais na normativa de carácter autonómico que desenvolve a autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma, e, en especial, a Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o servizo de axuda no fogar (DOG n.º 22, do 2/02/ 2009).

1.3 As atencións que se prestan son as reflectidas na Ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar no Concello de Silleda.

Artigo 2º.- Feito imponible

Constitúe o feito imponible a prestación efectiva do servizo de axuda no fogar, nos termos e condicións de intensidade regulada pola Ordenanza reguladora do servizo de axuda no fogar.

Artigo 3º.- Suxeto pasivo

Son suxeitos pasivos en concepto de contribuíntes as persoas físicas que soliciten ou resulten directamente beneficiadas pola prestación do servizo, xa sexa con carácter estable ou temporal.

Artigo 4º.- Responsables

4.1 Responderán solidariamente das débedas tributarias as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

4.2 Serán responsables subsidiarios as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 5º.- Cota tributaria

5.1 Para a modalidade de dependencia, aplicaranse os coeficientes que se establecen en función da capacidade económica da persoa usuaria, e que están calculados de conformidade co establecido no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, e na ordenanza municipal reguladora do servizo:

Nivel I	Grado I		Grado II		Grado III	
	Nivel II	Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II	
Capacidad económica (referenciada al IPREM)	20 horas	30 horas	40 horas	55 horas	70 horas	90 horas
Inferior o igual al 100% del IPREM	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%	0,00%
Mayor del 100% y menor o igual al 115% del IPREM	4,52%	6,56%	8,59%	11,42%	14,47%	18,09%
Mayor del 115% y menor o igual al 125% del IPREM	5,41%	7,84%	10,28%	13,66%	17,31%	21,64%
Mayor del 125% y menor o igual al 150% del IPREM	5,55%	8,05%	10,54%	14,01%	17,76%	22,19%
Mayor del 150% y menor o igual al 175% del IPREM	5,65%	8,19%	10,73%	14,26%	18,07%	22,59%
Mayor del 175% y menor o igual al 200% del IPREM	5,72%	8,30%	10,87%	14,45%	18,31%	22,89%
Mayor del 200% y menor o igual al 215% del IPREM	5,81%	8,42%	11,03%	14,66%	18,58%	23,23%
Mayor del 215% y menor o igual al 250% IPREM	6,03%	8,75%	11,46%	15,24%	19,31%	24,14%
Mayor del 250% y menor o igual al 300% IPREM	6,24%	9,05%	11,86%	15,76%	19,97%	24,97%
Mayor del 300% y menor o igual al 350% IPREM	6,42%	9,30%	12,19%	16,20%	20,53%	25,66%
Mayor del 350% y menor o igual al 400% IPREM	6,54%	9,48%	12,42%	16,51%	20,93%	26,16%
Mayor del 400% y menor o igual al 450% IPREM	6,63%	9,62%	12,60%	16,75%	21,22%	26,53%
Mayor del 450% y menor o igual al 500% IPREM	6,70%	9,72%	12,74%	16,93%	21,45%	26,82%

	Grado I	Grado II	Grado III
Nivel I	Nivel II	Nivel I	Nivel II
Superior al 500% del IPREM	6,76%	9,80%	12,84% 17,07% 21,63% 27,04%

5.2. Para o servizo de axuda no fogar en réxime de libre concorrencia para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ó catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación que se establece na Lei 39/2006, establecése a seguinte regulación progresiva do copagamento do servizo, e que deberá respectar, en todo caso, os límites expresados na seguinte escala, fixándose o precio/hora en 11.00 €:

Capacidade económica	Participación no custe do servizo de SAD básico
Menor do 0,80 do IPREM	0
Maior do 0,80 do IPREM e menor ou igual a 1,50 IPREM	30%
Maior de 1,50 e menor ou igual a 2 IPREM	50%
Maior de 2 e menor ou igual a 2,5 IPREM	70%
Maior de 2,5	90%

5.3 Sen prexuízo do establecido no punto anterior, poderán contemplarse excepcións ós criterios xerais no casos nos que a problemática principal atendida sexa relativa á desestruturación familiar e se procure a protección e integración social de menores de idade en risco de exclusión, mediante resolución motivada do órgano competente para acorda-la concesión do servizo, da que deberá deixarse constancia no correspondente expediente.

En calquera caso, establecerase un límite máximo de participación económica das persoas usuarias do 40% da súa capacidade económica.

5.4.. No caso de que a capacidade económica da persoa usuaria do servizo de axuda no fogar para persoas dependentes valoradas con dereito de atención recoñecido sexa igual ou inferior ó indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custo do servizo.

5.5 Na modalidade de libre concurrencia, nos casos en que, por renuncia parcial expresa da persoa beneficiaria ó seu dereito de atención co número de horas expresadas no PIA, ou cando por tratarse dun suposto de compatibilización do SAF con outro servizo ou prestación do catálogo as horas reais prestadas de servizo de axuda no fogar sexan inferiores á cantidade expresada en cada columna da táboa anterior para o grao e nivel correspondente, a cantidade por pagar será minorada proporcionalmente á diminución das horas efectivas do servizo.

En ningún caso o importe da participación económica que deberá ingresar-a persoa beneficiaria en concepto de copagamento poderá exceder do 65% do custo do servizo determinado en termos de prezo/hora.

Artigo 6º.- Beneficios fiscais

Non se outorgarán beneficios salvo os expresamente previstos en normas con rango de lei e os derivados dos tratados internacionais.

Artigo 7º.- Obriga de contribuir

A taxa devengarase e nace a obriga de contribuír no momento de iniciarse a prestación do servizo.

Artigo 8º.- Normas de xestión

- 8.1 As normas de altas, modificacóns e baixas na prestación do servizo son as recollidas na Ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar.
 - 8.2 As liquidacións practicaranse por meses naturais, e aboarase cada mensualidade nos quince primeiros días naturais do mes.
 - 8.3 O pagamento efectuarase mediante cargo na conta corrente ou cartilla de aforros que a persoa solicitante ou usuaria do servizo de axuda no fogar deberá indicar no modelo oficial que lle será facilitado polo concello.
 - 8.4. O Concello de Silleda revisará anualmente os prezos base do servizo, e adaptará as porcentaxes correspondentes ás achegas das persoas usuarias segundo as modificacóns que puideran emanar dos órganos autonómicos correspondentes.
- En ambos casos, de darse modificacóns, comunicárselles por escrito ás persoas usuarias.

Disposición derogatoria

Queda derogada a ordenanza reguladora do precio público pola prestación do servizo de axuda no fogar publicado no BOP de Pontevedra en data 19 de Xullo de 2010 (BOP nº 136).

Disposición final

Esta ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación e entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e permanecerá en vigor en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

7º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CAMBIO DE HORA DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO DA CORPORACION.

Procede o secretario á lectura do dictame da comisión informativa que é o seguinte:

"A Comisión Especial de Contas e Informativa de Economía, Facenda, Réxime Interior, Urbanismo, Medio Ambiente e Medio Rural, en sesión ordinaria celebrada o 20 de setembro de 2013, emitiu ao amparo do previsto no artigo 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o seguinte dictame que ten carácter preceptivo e non vinculante:

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO CAMBIO DE HORA DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO DA CORPORACIÓN.

Procede o secretario á lectura da proposta que é a seguinte:

O artigo 20 do Regulamento Orgánico do Concello de Silleda establece no seu artigo 20.1 que o Pleno da Corporación reunirase en sesión ordinaria coa periodicidade e na data e hora que fixe o Pleno da Corporación na súa sesión organizativa. Este acordo será susceptible de ser modificado mediante o acordo plenario adoptado con posterioridade á devandita sesión.

Segundo o acordo plenario de 8 de xullo de 2011, acordouse o seguinte:

"Primeiro. O Pleno da corporación reunirse en sesión ordinaria con periodicidade bimestral, nos meses impares. A sesión terá lugar o derradeiro xoves do mes que corresponda e iniciarase ás 20:00.

Segundo. Cando o día de celebración da sesión sexa día santo ou festivo, a mesma trasladarase ó hábil inmediato anterior ou posterior."

Como queira que o novo horario non provou maior afluencia dos veciños, todo o contrario, ademais de que a prensa cando se prolonga a duración do pleno non pode asistir ata o final é polo que propón á Comisión Especial de Contas e Informativa de Economía, Facenda, Régime Interior, Urbanismo, Medio Ambiente e Medio Rural dictamine en sentido favorable a seguinte proposta e eleve ao Pleno o seguinte acordo:

Primeiro. O Pleno da corporación reunirse en sesión ordinaria con periodicidade bimestral, nos meses impares. A sesión terá lugar o derradeiro xoves do mes que corresponda e iniciarase ás 10:00 horas.

Segundo. Cando o día de celebración da sesión sexa día inhábil, a mesma trasladarase ao hábil inmediato anterior ou posterior.

Rematada a lectura ábrese unha primeira quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso quen dí que non lle parece acertada a motivación da proposta xa que non é correcto que polas tardes acudan ao pleno menos xente que cando eran pola mañá e que no relativo á prensa deben pensar non veciños e non nela.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre quen dí que non está dacordo coa proposta, que que os plenos se celebrasen pola tarde foi unha demanda do BNG para votar a favor da investidura do candidato do PSdeG-PSOE no seu día. Que o horario de celebración dos plenos debe coincidir coa libranza da maioría da ciudadanía, por iso poderíanse celebrar os sábados ou os domingos e que hai que dar cumprimento ao regulamento de participación cidadá e que para que este sexa efectivo e cumpra os seus obxectivos non se debe celebrar un pleno pola mañá dun día laborable xa que impide que a maioría dos veciños poida acudir.

Intervén o Sr. Cuiña Fernández quen dí que a xente lles comenta que é mellor ás dez da mañá e que van a votar a favor.

Sometida a proposta a votación esta é ditaminada favorablemente cos votos a favor dos Srs Cuíña Fernández, García Troitiño e Brey Montaña (3) o voto en contra do Sr. Rodríguez da Torre (1) e a abstención dos Sres Espiño Espantoso, Penela Mato e Asorey Suárez (3). En consecuencia queda ditaminada favorablemente a proposta do cambio de hora das sesións ordinarias do pleno da corporación."

Intervén o Sr. Espiño Espantoso que dí que entenden que haberá máis público as 20:00 horas, que descoñece se o cambio de horario se debe á saída da exalcaldesa, para que o alcalde tape as súas carencias, que van a votar en contra e que no tema de facilitar a labor da prensa dí que se deben aos veciños.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre quen dí que no ano 2007 existía un acordo verbal na investidura e entre os acordos estaba un que fixaba os plenos ás 20:00 horas, que no ano 2011 isto non se revisou e que logo non se entende que no ano 2013 se propóna o cambio de horario para as 10:00 horas. Horario isto que é o preferido por todos os alcaldes do PP e os que presentaron a moción de censura.

Prosegue dicindo que a motivación non é certa xa que cando as sesións plenarias son de interese ven xente, que non se fan plenos só para os xubilados. Remata dicindo que non obstante poden barallarse como días os sábados ou os domingos para que poidan acudir máis veciños.

Intervén o Sr. Cuiña Fernández quen dí que ordinariamente acoden ao pleno 3 ou 4 persoas, que crén que ás 10 da mañá é un horario máis normal xa que os plenos se prolongan e ao escomenzar ás 20:00 horas hai xente que ten que marchar antes do seu remate o mesmo ocorre coa prensa. Remata dicindo que en referencia aos xubilados reafirmase no dito, que son os que máis acoden.

Nunca segunda quenda de intervencións o Sr. Rodríguez da Torre dí que non lembra ningún pleno pasadas as 24:00 horas ou a 1:00.

Sometida a proposta a votación e cos votos a favor dos membros do grupo municipal do PSdeG-PSOE (6) e os votos en contra dos membros do grupo municipal do PP e BNG (7) queda rexeitada a proposta da Alcaldía de cambio de horario das sesións ordinarias do pleno.

8º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE DÚAS DEDICACIÓNNS A TEMPO PARCIAL.

Procédese por parte do secretario á lectura do dictame da comisión informativa que é o seguinte:

"Comisión Especial de Contas e Informativa de Economía, Facenda, Réxime Interior, Urbanismo, Medio Ambiente e Medio Rural, en sesión ordinaria celebrada o 20 de setembro de 2013, emitiu ao amparo do previsto no artigo 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o seguinte dictame que ten carácter preceptivo e non vinculante:

3º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE DÚAS DEDICACIÓNNS A TEMPO PARCIAL.

Procede o secretario á lectura da proposta que é a seguinte:

Vista a necesidade de atender diariamente materias que requieren a presenza física dun concelleiro como son as de educación, sanidade, emprego participación cidadá e persoal e por outra banda as de medio ambiente comercio e industria e visto o informe emitido polo secretario xeral do concello de 13 de setembro de 2013, é polo que propoño á Comisión Especial de Contas e Informativa de Economía, Facenda, Réxime Interior, Urbanismo, Medio Ambiente e Medio Rural, dictamine en sentido favorable e eleve ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar, a parte da dedicación exclusiva da Alcaldía, dúas dedicacións a tempo parcial por importe de 14.098,56 euros anuais, pagadeiros en 14 mesualidades (12 ordinarias e 2 extraordinarias que se devengarán os día 1 de xuño e 1 de decembro de cada ano) para aqueles concelleiros que desempeñen responsabilidades nas seguintes materias: educación, sanidade, emprego participación cidadá, persoal, medio ambiente comercio e industria.

Segundo.- A dedicación semanal será de 20 horas, en horario de 10:00 a 14:00 horas de luns a venres.

Terceiro.- De ser aceptada a dedicación a tempo parcial, publíquese o contido do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación, conxuntamente co acordo da Alcaldía determinando os membros do Pleno que realizarán ditas funcións.

Rematada a lectura ábrese unha primeira quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso quen dí que terán que estudar a proposta con calma. Dí non obstante que están no xulgado él e outra concelleira do PP por ensinar o PXOM e que agora hai dúas persoas que ainda non tomaron posesión como concelleiros e que están a ver documentación.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre quen dí que estas dúas persoas ás que se refire o Sr. Espiño non poden representar ao concello namentres non tomen posesión.

Sometida a votación esta é ditaminada favorablemente cos votos a favor dos Srs Cuña Fernández, García Troitiño, Brey Montaña e Rodríguez da Torre (4) e a abstención dos Sres Espiño Espantoso Penela Mato e Asorey Suárez (3). En consecuencia queda ditaminada favorablemente a proposta de aprobación de dúas dedicacións a tempo parcial."

Ábrese unha primeira quenda de intervencións:

Sr. Espiño Espantoso: Os novos concelleiros xa tiñan móvil, utilizan material e ven documentación cando tomaron posesión a día de hoxe, que non queren xudicializar a vida política, que a xustificación é que están no paro e que da a sensación que isto é un pago de favores.

Sr. Rodríguez da Torre: Que estes dous novos compañeiros levan no concello os últimos 2 meses e que esta non é a oficina do PSOE, que lle parece que se humillou a estos dous compañeiros na xunta de voceiros. Nembargantes asume que a proposta lles parece axeitada.

Sr. Alcalde: Dí que o Pleno aproba as adicacións pero que segundo informou o secretario correspón delle ao Alcalde a potestate de asignarlles aos concelleiros que el queira, que nembargantes se celebrou unha xunta de voceiros. Que estes concelleiros que acaban de tomar posesión únicamente estiveron como ointes e fixeron unha pequena aprendixaxe para que unha vez tomada posesión pudieran empezar a traballar. Lembra que co PP houbo 3 adicacións exclusivas e que se entón se facían falla agora tamén e que un concello como o de Silleda non pode estar dirixido por funcionarios.

Ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Sr. Rodríguez da Torre: Dí que felicitou ao Alcalde pola celebración da xunta de voceiros pero que el fala de capacidade política e de xestión pero que as cousas poden tratarse doutro xeito, dí que no concello de A Estrada hai concelleiros da oposición que asisten aos consellos escolares pero que non se pode enviar a alguén que ainda non ten a condición de concelleiro, que neste concello non existe a dirección funcional.

Sr. Alcalde: Dí que nos consellos escolares dalle a razón en parte pero que lle deu a idea a dirección do colexio de Bandeira.

Sometida a proposta a votación esta é aprobada cos votos a favor dos membros do grupo municipal do PSdeG-PSOE e do BNG (7) e os votos en contra dos membros do grupo municipal do PP (6). En consecuencia queda aprobada a proposta da Alcaldía nos seguintes términos:

Primeiro.- Aprobar, a parte da dedicación exclusiva da Alcaldía, dúas dedicacións a tempo parcial por importe de 14.098,56 euros anuais, pagadeiros en 14 mesualidades (12 ordinarias e 2 extraordinarias que se devengarán os día 1 de xuño e 1 de decembro de cada ano) para aqueles concelleiros que desempeñen responsabilidades nas seguintes materias: educación, sanidade, emprego, participación cidadá, persoal, medio ambiente, comercio e industria.

Segundo.- A dedicación semanal será de 20 horas, en horario de 10:00 a 14:00 horas de luns a venres.

Terceiro.- De ser aceptada a dedicación a tempo parcial, publíquese o contido do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación, conxuntamente co acordo da Alcaldía determinando os membros do Pleno que realizarán ditas funcións.

9º.- FESTIVOS LOCAIS ANO 2014-03-24

Procede o secretario á lectura do dictame da Comisión informativa que é a seguinte:

A Comisión Especial de Contas e Informativa de Economía, Facenda, Réxime Interior, Urbanismo, Medio Ambiente e Medio Rural, en sesión ordinaria celebrada o 20 de setembro de 2013, emitiu ao amparo do previsto no artigo 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o seguinte dictame que ten carácter preceptivo e non vinculante:

4º.- FESTIVOS LOCAIS ANO 2014

Procede o secretario á lectura da proposta que é a seguinte:

Recibido o requerimento da Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar no que solitan que antes do próximo 30 de setembro se remita notificación na que se determinen os dous días que para todo o termo municipal se fixen como festas locais é polo que propoño á Comisión Especial de Contas e Informativa de Economía, Facenda, Réxime Interior, Urbanismo, Medio Ambiente e Medio Rural dictamine en sentide favorable a seguinte proposta e eleve ao Pleno o seguinte acordo:

Primeiro.- Fixar como festivos locais para o termo municipal do Concello de Silleda os seguintes días:

- 25 de agosto
- 19 de setembro

Segundo.- Que se remita presente acordo á Xefatura Territorial de Vigo da Consellería de Traballo e Benestar.

Sometida a proposta a votación esta é ditaminada favorablemente por unanimidade. En consecuencia queda ditaminada favorablemente a proposta de fixación dos festivos locais para o ano 2014.”.

Ábrse unha primeira quenda de intervencións.

Sr. Espiño Espantoso: Dí que está dacordo.

Sr. Rodríguez da Torre: Dí que no ano 2011 fixose unha asamblea entre colectivos e cales eran as súas inquedanzas e que se mantivo nos anos 2012 e 2013, que nestes intres lle parece ben, outra cousa será cando o día da saleta caia en festivo e para eso proporía a día de hoxe, o luns das festas de Silleda ou o martes de entroido.

Sometida a proposta a votación está é aprobada por unanimidade.

II).- PARTE DE CONTROL E FISCALIZACIÓN DA XESTIÓN DOS ÓRGANOS MUNICIPAIS DE GOBIERNO

10º.- MOCIÓN

10.1.- Moción do BNG para apoiar as demandas do colectivo de extinción de lumes e emerxencias.

Procédese por parte do secretario á lectura do dictame que é o seguinte:

A Comisión Especial de Contas e Informativa de Economía, Facenda, Réxime Interior, Urbanismo, Medio Ambiente e Medio Rural, en sesión ordinaria celebrada o 20 de setembro de 2013, emitiu ao amparo do previsto no artigo 126 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o seguinte dictame que ten carácter preceptivo e non vinculante:

5º.- MOCIÓN DO BNG PARA APOIAR AS DEMANDAS DO COLECTIVO DE EXTINCIÓN DE LUMES E EMERXENCIAS.

Procédese por parte do secretario á lectura da moción que á a seguinte:

MATIAS RODRIGUEZ DA TORRE, concelleiro do BNG acreditado no Concello de Silleda presenta a seguinte MOCIÓN PARA APOIAR AS DEMANDAS DO COLECTIVO DE EXTINCIÓN DE LUMES E EMERXENCIAS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza é a administración pública con competencias na extinción de incendios nos concellos con menos de 20 000 habitantes, que son a inmensa maioría do país. Porén, o goberno galego desenténdese das súas competencias deixando en mans de concellos e deputacións provinciais a organización e sostemento dun servizo público crucial como o persoal con tarefas de extinción de lumes e emerxencias.

As deputacións provinciais crearon os consorcios contra incendios e de salvamento, unha figura prevista na Lei de administración de Galiza. En cada provincia conformouse un destes consorcios, cuns órganos de dirección compostos por persoas representantes da Xunta e das deputacións. Estes consorcios, á súa vez, encomendaron a xestión dos distintos parques de bombeiros a empresas privadas- caso praticamente único no Estado español. Por exemplo, dos nove parques de bombeiros que o Consorcio provincial da Coruña ten actualmente, sete deles foron encomendados a unha empresa que até ese momento se dedicou á venda de vehículos carrozados.

Recentemente o convenio colectivo perdeu vixencia pola aplicación do previsto na Reforma Laboral do PP (*Real Decreto-Iei 3/2012, de 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercedo laboral*) e, no caso da empresa privada da Coruña, esta négase a negociar calquera mellora co persoal traballador introducindo deste xeito diversas modificacións na organización do traballo, na distribución e na duración das quendas e nas retribucións. Todas estas decisións van incidir de forma moi negativa na prestación dun servizo público esencial para a seguraza da poboación. De feito, mentres as recomendacións son que os equipos estean compostos por cinco bombeiros/as, actualmente as saídas estaban a facelas unidades compostas por tan só tres persoas. A empresa mesmo exixe agora que desas tres persoas que componen a quenda de traballo, unha delas fique para custodiar o parque de bombeiros mentres o resto acoden a unha intervención, de tal maneira que é súa a responsabilidade e e o criterio de deixar o parque sen persoal.

Este exemplo é extrapolábel ao resto do país xa que, á situación puntual dos sete parques privatizados da Coruña, hai que /le acrecentar a que se está a producir nos parques privatizados recentemente no Morrazo, no Porriño ou no Salnés, onde os cadros de persoal de bombeiros/as se suman estes días á

folga convocada pola Mesa Intersindical Galega nos parques de xestión privada para exixir estabilidade laboral, condicións homoxéneas e mellor coordinación entre os servizos de emergencia.

A Xunta de Galiza incumpe reiteradamente a súa Lei de emergencias, entre outras cousas, por até triplicar os servizos con Grumires, bombeiros/as municipais e comarcais, e agora até os Grupos de Emerxencia Supramunicipais (os GES), brigadas para limpezas do monte que poden ser chamados para accidentes.

Esta situación excede amplamente dun simple conflito laboral entre patronal e persoal traballador, por incidir gravemente nas condicións de prestación dun servizo como a extinción de lumes e emergencias. É evidente que tanto a Xunta, titular da competencia, como as deputacións, que asumen o servizo de forma efectiva por medio dos consorcios provinciais contra incendios e de salvamento, teñen que garantir a seguranza da veciñanza, nestes momentos comprometida.

Isto demostra que a xestión privada non é a mais acaída para un servizo básico como é o de bombeiros xa que grande parte desta problemática deriva das ansias da empresa concesionaria de maximizar beneficios a costa da degradación do servizo.

Por todo o exposto, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación de Silleda a aprobación dos seguintes

ACORDOS

1. Manifestar o apoio do noso concello ás demandas tanto laborais como de calidade dos servizos de bombeiros do noso parque comarcal.
2. Instar á Xunta e á Deputación a mediar no conflito entre as empresas concesionarias e o persoal de extinción de lumes e emergencias dos parques comarcais.
3. Instar ao Goberno da Xunta a desenvolver plenamente a Lei de emergencias e, nesa tiña, a realizar as seguintes actuacións:
 - a. Propor, nun prazo non superior a seis meses, un modelo homoxéneo de prestacións e condicións de traballo dos servizos de prevención e extinción de incendios e salvamento, con base no criterio de prestación pública directa do servizo.
 - b. Apostar pola profesionalización dos Servizos de Emerxencia e Salvamento da Galiza, coa elaboración e aprobación dun Estatuto profesional.

Rematada a lectura ábrese unha primeira quenda de intervencións.

Intervén en primeiro lugar o propoñente da moción o Sr. Rodríguez da Torre quen fala da privatización dos parques de bombeiros, os servizos supracomarcais que prestan e a situación precaria na que están os bombeiros ademáis do escaso número de efectivos de que dispoñen citando o caso do noso parque de bombeiros que é un dos máis raquíticos do país, que teñen 10 efectivos menos do esixido e que nas súas actuacións saen só con 3 efectivos.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso quen dí que está deacordo coa moción, que é unha situación que coñece plenamente e que ainda que vai en contra do seu partido vana a apoiar.

Sometida a moción a votación esta é ditaminada favorablemente cos votos a favor dos Srs Sres Espiño Espantoso, Penela Mato, Asorey Suárez e Rodríguez da Torre (4) e a abstencións dos Srs. Cuíña

Fernández, García Troitiño e Brey Montaña (3). En consecuencia queda ditaminada favorablemente a moción do BNG para apoiar as demandas do colectivo de extinción de lumes e emerxencias."

Ábrese unha primera quen da de intervencións:

Sr. Rodríguez da Torre: Dí que queren unha profesionalización do servizo, que únicamente hai 3 efectivos no noso parte comarcal ao que dí que pode pasar algo con consecuencias escandalosas, que quere que o concello apoie aos colectivos de ahí que a súa incredulidade é que o PSOE nos lles apoiasen na comisión informativa.

Sr. Espiño Espantoso: Están dacordo coa moción.

Sr. Alcalde: Dí que están totalmente dacordo, que na maioría dos puntos tratados na comisión informativa se absteñen para ter entre todos os compañeiros unha xuntanza e adoptar unha postura común.

Ábrese unha segunda quenda de intervencións

Sr. Rodríguez da Torre: Que estes parques fan o que facían os GRUMIR e que por outra banda en relación co que dixo a Alcaldía cada un é libre de utilizar o tempo para meditar a decisión que deban adoptar pero que lles parece que esta moción era clara para poder adoptar unha decisión.

Sometida a moción a votación esta é aprobada por unanimidade (13), en consecuencia queda aprobada a Moción do BNG para apoiar as demandas do colectivo de extinción de lumes e emerxencias nos termos en que foi presentada.

10.2.- MOCIÓN DO BNG PARA ESTUDAR A POSIBLE PEONALIZACIÓN DO ENTORNO DA PRAZA DA FEIRA DA BANDEIRA.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que hai unha petición de AVEMA para intervir neste punto con carácter previo tal e como sinala o Regulamento de participación cidadá polo que lle concede a palabra a Sra. Pilar López Lodeiro advertíndolle que dispón dun tempo máximo de 10 minutos para a súa exposición.

Intervén a Sra. López Lodeiro (vicepresidenta da asociación) dicindo que o 20 de setembro de 2013 convocouse unha xuntanza cos veciños na praza da feira da Bandeira ademais de afectados pola peonalización da praza, que votaron en contra entre outros motivos pola reducción de prazas de aparcadoiro, que os negocios vense perxudicados sobre todo en inverno, tamén se opuxeron os do clube da petanca. Solicitan que se deseñe a moción e que teñan en conta as necesidades dos veciños, que sempre estarán dispostos a dialogar con todos os grupos municipais.

Polo Sr. Rodriguez da Torre plantéxase unha cuestión de orde, entende que primeiro deberá debatirse a moción e aprobarla urxencia. O Sr. Alcalde concédelle a palabra ao secretario xeral do concello quen dí que o regulamento de participación cidadá permite con petición previa e antelación de 24 horas intervir con anterioridade á lectura debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Procede o Sr. Rodríguez da Torre dando lectura á moción que é a seguinte:

MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, CONCELLEIRO DO BNG ACREDITADO NO CONCELLO DE SILLEDA, PRESENTA A SEGUINTE MOCIÓN PARA ESTUDAR A POSÍBEL PEONALIZACIÓN DO ENTORNO DA PRAZA DA FEIRA DA BANDEIRA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Sabida a aprobación da subvención da Consellería de Economía e Industria a posta en valor da feira tradicional da Bandeira e a humanización do seu entorno, a peonalización das rúas colindantes podería reforzar a seguridade da zona onde se ubica o Parque infantil, a zona do campo da petanca e crearíase un espazo maior de disfrute e ocio para as veciñas e veciños, favorecendo a accesibilidade e beneficiando asemade os negocios orientados á praza.

O Bloque Nacionalista Galego basea esta iniciativa en demandas colectivas habidas para o entorno, ademais de tentar aproveitar con isto a posibilidade de mellorar este espazo que servía para que a veciñanza poida utilizar estas rúas con mínimo tránsito, o cal quedaría aberto para residentes das devanditas rúas e carga e descarga e servizos puntuais para o comercio local e negocios, abrindo deste xeito as rúas para a xente e facendo das inmediacións da Praza o que realmente foi sempre e deberá seguir sendo no presente e no futuro, un lugar para o pobo no centro da vila, onde apenas se interfire no tráfico rodado.

Desde o BNG considérase que se deberá apoiar esta moción do BNG para posibilitar un estudo serio e rigoroso sobre este asunto, analizando a situación para posibilitar a humanización do emprazamento descrito, ben pola vía da semipeonalización (barallando espazos concretos ou épocas), ben pola da peonalización.

Por todo o dito, propomos ao Pleno da Corporación Municipal de Silleda a adopción do seguinte

ACORDO

1º.- Demandar da Corporación Municipal que inste ao goberno municipal do Concello de Silleda a estudar, analizar e finalmente promover a posibilidade de humanización, proxectando a iniciativa de peonalizar ou semipeonalizar, as rúas "entroido", "renque da froita", "rúa da feira" e "rúa dos pendellos", colindantes coa Praza da Feira da Bandeira.

Prosegue o Sr. Rodríguez da Torre dicindo que houbo un malentendido, que o que se solicita é posibilidade de peonalizar pero sempre cun estudo previo que é o que se solicita tal e como ven na moción estudo e análise. Que este malentendido foi provocado de xeito expreso para confundir á ciudadanía. Reitérase na súa petición de que o que se está a tratar é o de realizar un estudo riguroso e que o BNG non ten ningún inconveniente en reunirse con calquera veciño.

Ábrese unha primeira quenda de intervencións.

Sr. Espiño Espantoso: Dí que este é un tema que hai que tratar con moita sensibilidade, non quere que crispación e solicita que o asunto quede enriba da mesa.

Sr. Alcalde: Comenta que se recibiu un escrito dos veciños e que lle encargou un informe á policía local, que na xuntanza cos veciños foron estes quenes expulsaron aos do BNG e que a desposta do conceleiro do grupo mixto foi menospreciar a vontade dos veciños no facebook con alusións a el. Remata o Alcalde dicindo que o informe da Policía Local é desfavorable e que se compromete a convocar a todos os afectados, tamén os do BNG. Anuncia que se a moción segue adiante van a votar desfavorablemente.

Sr. Espiño Espantoso: Dí que non lle gusta o tono que se está a producir no pleno. Solicita que se convoque a todo o mundo.

Sr. Rodríguez da Torre: Dí que antes non pude rematar a sua intervención, que hai que falar de seguridade, de urbanismo e de humanización, que quere reiterar que o que procuran non é imponer nada senón que se faga un estudo e que logo deste se convoque á veciñanza xa que esta moción non vai encontrar de ninguén.

Sr. Alcalde: Reitera que recibiu improperios nas redes sociais por parte do BNG e que el se debe aos silledenses, conclúe que independentemente do resultado da votación da moción convocará aos veciños.

Preséntase por parte do Sr. Rodríguez da Torre unha emenda que consta dun apartado 2º que é convidar a unha comisión aberta na que participen os colectivos de cidadáns para facer posibles proposta a este debate. Unha vez realizado o estudo esa comisión volverase reunir para determinar a decisión final.

O Sr. Espiño Espantoso solicita que se deixe en riba da mesa.

Votase a emenda e esta é aprobada cos votos favorables dos mebros dos grupos do PP e grupo mixto (7) e cos votos en contra dos membros do PSdeG-PSOE, en consecuencia queda incluido un punto 2º na Moción.

Sometida a moción xa emendada a votación esta é rexeitada cos votos a favor do Grupo Mixto (1) os votos en contra dos membros do PSdeG-PSOE (6) e as abstencións dos membrs do grupo municipal do PP (6), en consecuencia queda rexeitada a moción do BNG sobre o estudo da posíbel peonalización do entorno da praza da feira da bandeira.

Dilixencia: Para facer constar que condo son as 22:03 horas faise un receso continuándose a sesión ás 22:17 horas.

10.3.- Moción do BNG sobre a utilización partidista dos informativos da TVG.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre dicindo que se está a facer un uso fraudulento desta TV pública e procede á lectura da parte dispositiva.

A moción literalmente é a seguinte:

MATÍAS RODRÍGUEZ DA TORRE, CONCELLEIRO DO BNG ACREDITADO NO CONCELLO DE SILLEDA, PRESENTA A SEGUINTE MOCIÓN SOBRE A UTILIZACIÓN PARTIDISTA DOS INFORMATIVOS DA TVG

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Compañía Radio Televisión de Galiza foi creada pola Lei 9/1984, do 11 de xullo, como un servizo público de comunicación que, entre outros cometidos, tiña a "promoción, difusión e impulso da língua galega" e favorecer "activamente a difusión cultural, intelectual e artística e dos coñecementos cívicos, económicos, sociais, científicos e técnicos mediante toda clase de emisións en língua galega".

A Lei 9/2011, de 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza, que regula na actualidade a prestación do servizo público de comunicación audiovisual de Galiza, prestado pola Radio Televisión de Galiza, establece, no seu artigo 4, como principios que inspiran a súa actividade e programación, entre outros, "o reflexo do pluralismo ideolóxico, político, cultural e social de Galiza" e "a obxectividade, imparcialidade, veracidade e neutralidade informativa, así como o respecto á liberdade de expresión e á formación dunha opinión pública plural".

Se analizamos con detalle a cobertura informativa da CRTVG no noso concello ao longo dos últimos dous anos e medio, obsérvase a carencia de seguimento normal e regular por parte da TVG da actualidade informativa neste ámbito territorial, invisibilizando actos reivindicativos, concentracións, manifestacións e, en xeral, todas aquelas accións que teñan como obxectivo combater as políticas neoliberais e de recortes sociais que estamos a padecer. Esta ocultación de información contrasta coa cobertura habitual de noticias en clave negativa, que teñen por obxecto trasladar unha imaxe completamente falseada da realidade do concello. Percíbese, así, unha obsesión por noticias negativas cun enfoque moi nesgado (roubos, asaltos, ...) que crean unha imaxe absolutamente irreal e distorsionada e que serven para

distraer a atención a respecto dos problemas reais da veciñanza (a fraude, o roubo da banca, o desemprego, ...).

O mesmo acontece no ámbito galego, ao ocultar toda información negativa relativa á situación de crise económica e social, negar a intervención de persoas e expertos/as que ofrezan visións alternativas á crise, especialmente desde unha perspectiva galega, ofrecer só a visión gobernamental dos conflitos e reivindicacións cidadás, para alén de agochar as informacións públicas e notorias sobre a corrupción que asola o PP na Galiza e no Estado, que ocupan primeiras planas de calquera medio de comunicación social pola ampla repercusión e alarma social que crean. Por outra banda, tamén se nega unha visión informativa, en calquera eido, desde a actualidade política, a vida social, a actividade cultural ou a deportiva, desde unha perspectiva galega, potenciando un enfoque da realidade galega uniformizador e desprovisto de calquera ollada que poña en valor o noso feito diferencial.

O grupo municipal do BNG considera que a TVG non dá unha información suficiente, plural, imparcial e veraz da realidade do noso concello e, en xeral, do noso país. Esta situación é consecuencia do nesgo partidista e manipulador que desde a dirección do ente público se lle dá aos servizos informativos.

Esta percepción é compartida por unha parte crecente da sociedad e galega (reflectida na baixa continuado dos índices de audiencia) e polos/as propios/as traballadores/as da CRTVG, que están a desenvolver unha campaña contra a manipulación informativa nos medios públicos. O pasado mes de xuño, máis do 60% dos/as xornalistas adscritos/as aos servizos informativos da TVG denunciaron coa súa sinatura as prácticas de manipulación.

Traballadoras e traballadores da TVG son, por tanto, vítimas tamén da utilización partidista e da falta de obxectividade da dirección do ente público e dos responsábeis dos servizos informativos.

En consonancia co anteriormente exposto, o grupo municipal do BNG propón ao Pleno da Corporación Municipal do Concello de Silleda a adopción do seguinte

ACORDO

1. Denunciar publicamente a campaña de manipulación da TVG en relación co noso concello e demandar da dirección do ente público unha cobertura da realidade do noso ámbito territorial continuada, obxectiva, veraz e dotada cos medios humanos e materiais acaídos.
2. Declarar a TVG, en tanto se manteña esta situación, medio de comunicación partidista e falseador da realidade.
3. Trasladar este acordo á Presidencia da Xunta de Galiza, á dirección da CRTVG e ao Consello Asesor da TVG.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso quen dí que hai que respectar aos profesionais que conforman o plantel da TVG, que esta TV ten boa audiencia e que se os usuarios estimaran que está manipulada non farían uso dela.

Intervén o Sr. Alcalde quen dí que van votar en contra da moción xa que non lles consta que sexa así.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre dicindo que só fai falla ser telespectador para darse conta do manipulada que está. Sometida a moción a votación e co voto favorable do grupo mixto (19 e os votos en contra dos membros dos grupos municipal do PSdeG-PSOE e PP (12) queda rexeitada a moción do BNG sobre a utilización partidista dos informativos da TVG.

10.4.- Moción do BNG sobre o mantemento da reprobación política e rebaixa do soldo do Alcalde-Presidente do Concello de Silleda.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre dicindo dando lectura en extracto da moción que literalmente é a seguinte:

MATIAS RODRÍGUEZ DA TORRE, concelleiro do BNG acreditado no Concello de Silleda presenta a seguinte **MOCIÓN SOBRE O MANTEMENTO DA REPROBACIÓN POLÍTICA E REBAIXA DO SALARIO DO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE SILLEDAD**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No pleno ordinario do 30 de maio de 2013 a Corporación Municipal de Silleda maioritariamente e a instancias do Bloque Nacionalista Galego acordou reprobar á entón Alcaldesa, Paula Fernández Pena e o daquelas Tenente de Alcalde, Manuel Cuiña Fernández, baseando o suspenso político deste último en varios motivos, entre os que se atopaban: que o daquelas Tenente de Alcaldesa, Manuel Cuiña Fernández facía opaca e falta de confianza a xestión no ámbito das súas competencias como Delegado da ÁREA de Obras e Servizos, ao recoñecer en público, cando menos, dúas infraccións irregulares para quen tiña conferida a función de representante público da cidadanía:

- A adquisición de material de obra a unha única empresa emparentada cun concelleiro do PsoE, por causa da súa vontade e non por cuestións obxectivas.
- Ao recoñecer que sendo o Concelleiro responsábel do servizo non se atopaba no Padrón do lixo e, polo tanto, non aboaba o recibo do servizo municipal de reco/lida, á parte de mostrar a súa indisposición ao pagamento dos recibos pendentes.

Ao seren estas cuestións de agravio comparativo para os silledenses, non garantindo igualdade de oportunidades nin de dereitos, nin establecer unha xestión transparente e clara, infraccións ás quais se incorporaba tamén incorporaban a ausencia de esclarecemento en todas as acusacións e accións que tiñan que ver coa demanda por presunta falsificación da sinatura da anterior secretaria xeral do Concello de Silleda.

Vista a exposición realizada naquela moción tomábase como acordo revogar a dedicación exclusiva para o cargo de Primeiro Tenente de Alcaldesa, con réxime de retribución bruta de 28.197,27 euros anuais, pagadeiros en 14 mensualidades (12 ordinarias e 2 extraordinarias), aprobada no Pleno da Corporación Municipal de Silleda do 8 de xullo de 2011, (da cal gozaba naquel momento actualidade Manuel Cuiña Fernández), por apreciar diversas infraccións e irresponsabilidades políticas que non o fadan merecedor da mesma.

Pasados uns meses e acadada por investidura o pasado 19 de Xullo de 2013 a condición de Alcalde por parte do devandito Manuel Cuiña Fernández, o BNG reitera a súa falta de confianza, e a proposta de suspenso e reprobación, a cal o político mencionado segue a ter independentemente do cargo que ostente, sobre todo, lago de comprobar que a falta de transparencia na vida pública municipal e nas adjudicacións e a prepotencia continúan de igual xeito, sen optar por un cambio nas accións políticas que reconduzan o suspenso dado.

Independentemente disto, o BNG respecta a figura da Alcaldía como rexedor do Concello e máximo responsable do mesmo e sendo así as cousas, solicita do pleno que a dedicación exclusiva da Alcaldía pase a ser dun euro maior á proposta para os demais concelleiros, xa que é o considerado e recoñecido como digno polo propio governo local, amais de asegurar o respecto político, social e económico e institucional polo cargo de Alcalde, o cal permita que este poida seguir desempeñando as súas funcións.

É polo exposto que o BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal de Silleda a adopción do seguinte

ACORDO:

1.- Mantendo o suspenso e a reprobación pública, política e notoria ao agora actual Alcalde de Silleda, Manuel Cuíña Fernández, acórdase polos motivos descritos a rebaixa do salario asignado á Alcaldía-Presidencia do Concello de Silleda pola Corporación Municipal de Silleda na sesión plenaria do 8 de xullo de 2011, á cantidad de 14.099,56 euros anuais, pagadeiros en 14 mensualidades (12 ordinarias e 2 extraordinarias que se devengarán os días 1 de xuño e 1 de decembro de cada ano).

Polo que se solicita a notificación do presente acordo ante todos os interesados tanto a nivel particular como aos organismos e institucións pertinentes.”

Prosegue o Sr. Rodríguez da dicindo que non actúan por venganza xa que se fose este o caso hoxe o Sr. Cuiña non sería Alcalde.

Intervén o Sr. Alcalde para dicir que el é Alcalde xa que así o decidiron a mayoría dos votos dos silledenses.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre dicindo que eles están a facer política, que o Alcalde xa estaba advertido, que a Xunta de Goberno Local continuase coa posibilidade de chamar a todo o empresariado independentemente do que dispoñan as normas que regulen e podan restrinxir o nº de invitacións. Que o Alcalde ten que ter respecto institucional xa que esta non é a súa casa.

Intervén o Sr. Espiño Espantoso lemvrándolle ao Sr. Alcalde que no seu día foi reprobado polo pleno e que está como alcalde pola abstención do BNG. No tocante á cantidad que percibe a Alcadía dí que non van a valorar a cantidad que percibe e que non queren que se escude en que non lle pagan o suficiente para non poder facer o traballo, o que sí lle pide é que se quere cobrar como alcalde ten que traballar como tal.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que ista é unha moción presentada dende o rencor, dí que o BNG na xnta de voceiros o felicitou pola convocatoria, pero que se seguen convocando hai que abonar a asistencia xa que o seu tempo vale cartos.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre dicindolle ao Sr. Alcalde que lles da vergoña traballar con eles e que o Alcalde non sabe distinguir o eido político do persoal.

Dilixencia: O Sr. Alcalde chámao á orde por primeiro vez.

Progue o Sr. Rodríguez da Torre dicindo que o Alcalde non sabe encaixar as criticas, que ista moción non é frioto de rencor senón dende a distinta forma que teñen uns e outros de facer política, que xa foi reprobado e avisado, que non van tolerar amiguismos nin clientelismos. Remata dicindo que hai moi pouso sentido da democracia.

Sometida a moción a votación e co voto a favor do grupo mixto (1) e os votos en contra dos membros dos grupos municipais do PSdeG- PSOE e PP (12) queda rexeitada moción do BNG sobre o mantemento da reprobación política e rebaixa do soldo do Alcalde-Presidente do Concello de Silleda.

10.5.- Moción do BNG para que se tomen as medidas necesarias para paliar os danos causados pola vaga de lumes e se poña en marcha unha nova política contra os incendios.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre dicindo que todos son conscientes da falla de recursos para loitar contra o lume e procede á lectura da parte dispositiva da moción que literalmente é a seguinte:

MOCIÓN PARA QUE SE TOMEN AS MEDIDAS NECESARIAS PARA PALIAR OS DANOS CAUSADOS POIA VAGA DE IUMES E SE POÑA EN MARCHA UNHA NOVA POLÍTICA CONTRA OS INCENDIOS

EXPOSICIÓN

Os incendios forestais son froito de décadas de políticas de fomento do abandono das actividades agrarias e gandeiras tradicionais, da especialización da Galiza en cultivos forestais de crecemento rápido, cuns montes en moitos casos en estado de abandono, de caos urbanístico e falta de ordenación de territorio e de despoboamento progresivo do noso medio rural.

A política forestal e agrogandeira do PP non só é destrutiva coas potencialidades do agro galego, ao expandir a desertización e abandono de amplas zonas do territorio e tamén permitir a introdución de masas forestais con especies pirófitas (como o piñeiro e o eucalipto) en zonas próximas aos asentamentos de poboación, senón que ademais contribúe a alimentar os factores que propician os incendios forestais.

Ao longo de moitos anos, os sucesivos gobernos do PP destinaron inxentes fondos económicos a subvencionar o abandono da actividade agraria, co que moitas comarcas do país ficaron desertas e o seu territorio, ao carecer de actividade agraria, abandonado ao mato, sen un mínimo cultivo e propiciando con iso a propagación explosiva de incendios forestais. O mapa das zonas más afectadas polos incendios dá proba diso, a incidencia dos lumes é moito menor nas comarcas onde a actividade agraria mantén unha presenza relevante, co que esta política de incentivos para cesar no traballo no agro aumentou gravemente o risco e proliferación de incendios forestais en amplas zonas do país.

O actual Goberno galego acometeu medidas que agravaron a desprotección do territorio e das persoas ante a ameaza dos incendios forestais.

Por unha banda promoveu medidas lexislativas consistentes na eliminación ou redución considerábel das distancias de separación das plantacións forestais aos núcleos rurais, na autorización de novo das plantacións de masas continúas de especies pirófitas, na supresión de faixas de especies frondosas que actuaban de corta lumes, ou na eliminación de medidas que pretendían implicar á poboación na xestión e defensa do monte, como son a desaparición do voluntariado do monte ou das axudas para brigadas de prevención das propias comunidades de montes, entre outras.

Por outra banda, os recortes indiscriminados aplicados polo PP desde 2009 tamén afectan de cheo a un dispositivo de emerxencias e seguridade, como é o da loita contra o lume, que retornou a un nivel de recursos similar ao de hai unha década, agravado por unha nefasta xestión administrativa que demorou o seu desenvolvemento até moi avanzada a época de alto risco, así como a case total eliminación de actuacións preventivas básicas, e finalmente, retomou un modelo de dispositivo fracasado, co regreso de brigadas municipais, sen unhas mínimas esixencias profesionais e que favorecen a fragmentación do mando único do dispositivo.

O monte volve estar desprotexido, o PP teima en políticas que arredan a poboación do rural da xestión e a implicación vital e económica co monte, e que favorecen un modelo produtivo intensivo sen ter en conta unha mínima ordenación dos cultivos. Como resultado, hai máis combustíbel nos montes e terras de cultivo que nunca, hai máis perigo preto de núcleos poboados polo abandono fomentado das terras agrarias que circundan os núcleos de poboación e mesmo por conceder de novo axudas públicas á forestación de terras agrarias a menor distancia dos asentamentos rurais.

Á vista disto, non cabe parapetarse exclusivamente no proceder delitivo de pirómanos e incendiarios. A investigación e persecución dos autores dos incendios é inescusábel e tamén prioritaria, mais tamén o son a adopción de políticas e medidas que preveñan e minimicen os efectos dos incendios forestais. A política contra os lumes forestais dos goberno do PP baseáse exclusivamente en apagar lumes, mesmo de xeito deficiente dadas as restricións orzamentarias aplicadas aos servizos de extinción, tamén a custa dunha falsa austeridade que se emprega para afogar o financiamento de servizos públicos básicos ao tempo que se prodiga en rescatar con fondos públicos á banca. Non hai política forestal preventiva, planificación de cultivos, ordenación territorial, colaboración coa veciñanza do medio rural para vixiar e protexer o monte, hai unha fuxida e un desenfoque dos problemas reais do monte e do medio rural, cinguindo a loita contra os lumes forestais a unha cuestión de arde pública, o que, sen dúbida, fará que persistan os incendios forestais como unha enfermidade crónica para Galiza.

Por todo o dito, propomos ao Pleno da Corporación Municipal de Silleda a adopción dos seguintes

ACORDOS

1º.- Dirixirse a Xunta de Galiza para revisar de xeito inmediato o dispositivo de defensa contra incendios forestais e que, conxuntamente co goberno do Estado, implemente de maneira urgente as medidas necesarias dirixidas a paliar os danos causados pola vaga de turnes e contribuír a súa extinción.

2º.- Dirixirse a Xunta de Galiza para que implemente as medidas necesarias para a recuperación do monte afectado pola vaga de incendios e para poñer en marcha unha nova política que teña como eixos:

- Unha nova política forestal, orientada á ordenación dos espazos forestais facéndoos compatíbeis con outras actividades agrarias, á diversificación de especies e á diversificación de aproveitamentos económicos dos montes.
- O impulso dunha política preventiva contra os incendios forestais, eliminando os incentivos á forestación de terras agrarias e ampliando as zonas de protección dos núcleos rurais, adoptando as medidas precisas para asegurar un cumprimento rigoroso da limpeza da biomasa forestal nestas zonas.
- Unha nova política que permita operar na propiedade das terras agrarias e forestais favorecendo a mobilidade e fórmulas de explotación colectiva.
- Unha política de intervención no medio rural que pule pola reactivación socioeconómica da actividade agraria e corrixa a tendencia ao progresivo despoboamento.
- A renuncia á política de recortes orzamentarios en servizos públicos básicos como da prevención e extinción de incendios forestais, asegurando recursos para poder acometer tanto un dispositivo axeitado como despregar accións preventivas no monte no marco dunha nova política forestal.
- Unha maior tecnificación e profesionalización dos servizos de prevención e extinción de lumes.

3º.- Solicitar da Xunta de Galiza a que, en colaboración co Goberno central, poña en marcha un programa de axudas para paliar os danos ocasionados polos incendios forestais na vaga de agosto de 2013, consistente en:

- Restabelecemento de infraestruturas públicas e privadas afectadas (viarias, canalizacións hidráulicas, tendidos eléctricos, de telecomunicacións etc)
- Reposición de cultivos, instalacións e infraestruturas agrarias afectadas polo lume.

- Reparación de vivendas e construcións auxiliares afectadas.
- Actuacións de protección do solo queimando, para paliar os efectos da erosión e prever o arrastre de terreo vexetal aos sistemas fluviais e marítimos."

Intervén o Sr. Espiño Espantoso dicindo que este é un tema que excede das competencias municipais e que debe tratarse no parlamento de Galicia.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que sempre van a apoiar estas propostas.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre para contestarlle ao voceiro do PP, de que no eido local se pode e debe tratar de política forestal.

Sometida a moción a votación e cos votos favorables do grupo mixto e PSdeG-PSOE (7) e as abstencións do grupo municipal do PP (6) queda aprobada a moción do BNG para que se tomen as medidas necesarias para paliar os danos causados pola vaga de lumes e se poña en marcha unha nova política contra os incendios, nos termos en que foi presentada.

10.6.- Moción conxunta dos tres grupos municipais de Silleda (PSdeG-PSOE, PP, e BNG) sobre a creación dunha escola deportiva municipal de golf rústico.

Procedese á lectura da moción por parte do secretario xeral que é a seguinte:

MOCIÓN CONXUNTA DOS TRES GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DE SILLEDA SOBRE A CREACIÓN DUNHA ESCOLA DEPORTIVA MUNICIPAL DE GOLF RÚSTICO

O abaixo asinantes voceiros dos grupos municipais do PSdG-PSOE, PP E BNG acreditados no Concello presentan para o seu debate e aprobación se procede por parte do Pleno do Concello de Silleda a seguinte

MOCIÓN

Nas últimas semanas vense detectando o interese de diferentes persoas e colectivos ante a posibilidade de crear una agrupación para promover o golf rústico como modalidade deportiva no termo municipal de Silleda, actividade na que podería estar interesado un importante número de persoas, como público potencial.

Ante o interese suscitado, os voceiros dos tres grupos políticos municipais con representación na Corporación Municipal de Silleda asinaron o pasado día 5 de agosto de 2013 un protocolo de intencions no que manifestan o seu apoio á creación dunha Escola Deportiva Municipal de Golf Rústico.

Así mesmo, no citado documento acordouse fixar como obxectivos os seguintes:

1. Que a escola teña un carácter popular e aberto, tanto no plano económico como social.
2. Que as dotacións que se realizan sexan sustentables dende o punto de vista medioambiental.
3. Que a escola conte con actividades formativas, promocionando o deporte base, así como un carácter interxeracional
4. En canto á cuestión económica, a escola procurará a súa autoxestión, con tarifas asequibles para a ciudadanía en xeral.

Visto ademais a Resolución da Alcaldía de data 16 de setembro de 2013 na que se acorda adoptar as medias necesarias para promover unha Escola Municipal de Golf Rústico e iniciar os trámites oportunos para a creación da mesma

ACORDAN:

-Que o Pleno do Concello de Silleda apoie a creación da citada entidade deportiva e se proceda, no menor tempo posible, á constitución da Escola Municipal, respondendo aos obxectivos anteriormente citados.

Por parte do Sr. Alcalde pregunta se algún grupo desexa someter por urxencia algún asunto que non teña cabido na quenda de rogos e preguntas.

Por parte do Sr. Rodríguez da Torre dí que ten unha moción.

O Alcalde pide que xustifique a urxencia e o Sr. Rodríguez da Torre a xustifica dicindo que se están a suprimir persoal por parte da concesionaria na AP53. Sometida a votación a urgencia da moción esta á apreciada por unanimidade (13) e maioría absoluta en consecuencia queda incluída na orde do día.

10.7.- Moción do BNG contra a supresión de persoal nas peaxes da autoestrada AP53.

MATIAS RODRÍGUEZ DA TORRE, concelleiro do grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego no Concello de SILLEDA, ao abeiro do disposto na lexislación galega de administración local e demais de aplicación presentan a seguinte: **MOCIÓN CONTRA A SUPRESIÓN DE PERSONAL NAS PEAXES DA AUTOESTRADA AP53**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A autoestrada AP53 púxose en funcionamento a finais do 2003 e desde ese tempo ata agora non fixo máis que subir o seu prezo. Chegando ter un custo que chega a ser o dobre que algúns tramos como o da Coruña Carballo ou Vigo Baiona. Agora vemos como a concesionaria da Autoestrada ACEGA despois acceder a concesión nunhas condicións vai mudando para manter beneficios sempre en detrimento de mellorar os servizos aos usuarios. Eliminando traballadores e substituíndo por máquinas expendededoras que non son quen de cobrar con todas as moedas de curso legal que hai en circulación. Non cumplindo así o prego de cláusulas no referido aos número de traballadores que ten que ter para atender a Autoestrada. No caso que desde o Goberno se permita estes recortes para aumentar os beneficios a administración debe obrigar a concesioria a que eses recortes no gasto repercutan no prezo da Autoestrada abaratando así o prezo tan elevado que ten.

O BNG leva desde sempre denunciando o elevado custe e nos últimos meses a sustitución do persoal por máquinas expendededoras, xa que entendemos que esta infraestrutura debe para vertebrar Galiza con criterios de servizo e non económicos para empresas e especuladores estranxeiros e comunicar co menor custe posible as comarcas polas que pasa.

Por todo o exposto é polo que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1º.- Instar á Xunta de Galiza a que demande do estado para que Acega (concesionaria da Autoestrada AP53) restitúa aos traballadores das peaxes que foron substituídos por máquinas expendededoras; no caso de non seren restituídos que se rebaixe inmediatamente a peaxe proporcionalmente ao aforro que ten a empresa.

2º.- Solicitar da Xunta para que garanta que as máquinas expendededoras acepten todas as moedas de curso legal.

3º- Instar á Xunta a que axilice o traspaso da autoestrada para poder rebaixar a peaxe.

Intervén o Sr. Rodríguez da Torre quen dí que a empresa concesionaria esta á despedir a persoal e trocalo por máquinas expendededoras ademais do elevado custo que ten esta autoestrada.

Sometida a moción a votación esta aprobada por unanimidade. En consecuencia queda a probada a moción do BNG contra a supresión de persoal nas peaxes da autoestrada AP53 nos termos en que foi presentada.

11º.- Dar conta das resolucións da Alcaldía dos meses de xullo e agosto.

O Sr. Rodríguez da Torre pregunta no decreto 72 do centro de interpretación da natureza sobre a invitación a 3 meses empresas e en relación coa resolución de Altamira do servizo lúdico educativo dí porqué só se deron 8 días para presentación de ofertas.

O Sr. Alcalde dí que se invitaron a 3 empresas porque así o decidiu o grupo de goberno e o permitía a lei, con respecto á segunda cuestión só se deron 8 días naturais porque se tramitou o procedemento por urxencia para que o contrato estivera adxudicado antes do comezo do curso escolar.

12º.- Rogos e Preguntas

PP

Intervén o Sr. Espiño Espantoso

Pregunta sobre os estatutos da escola de fútbol, ao que resposta o Sr. Brey Montaña, que llos pidan á escola.

Sobre as queixas dos veciños de Cobián dí que hai que coidalo

Cataratas de pazos están abandonadas

As beirarúas de Bandeira e Suilleda teñen adoquíns levantados.

Porqué ten que pedir os estatutos á escola se é municipal? Se o Concello paga os gastos, con que partida orzamentaria se lles paga, e as taxas deben aboarselle ao concello. O Sr. Brey Montaña dí que ese gasto vai na partida de deportes, sobre os estatutos dílle que se dirixan á escola que é unha asociación privada.

O Alcalde dí que asume todos os rogos do PP.

BNG

Intervén o Sr. Rodríguez Da Torre

Dalle as grazas ao Sr. Brey Montaña pola escola que sabe que hai cousas que melloraron e outras non, quere que se aclare se a escola está tutelada polo Concello.

O presoal laboral solitaba ter unha xuntanza co alcalde para a equiparación salarial e lembra o tama da RPT xa que deben producirse avances. Resposta o Alcalde: Dí que houbo unha xuntanza co comité de empresa e que se retomará a RPT.

Que pasos están dados sobre o traslado da escola de música á semana verde. Dí o Alcalde que se vai a reunir o martes ás 18:30 horas.

Moalde-Cabana, O Sr. Brey Montaña dí que sobre o burato de Cabanas vaise tapar a partires do día 20.

Na auga existe unha renovación ata o 4 de outubro, pregunta se se vai convocar a mesa da auga. Resposta o Alcalde: Hai unha prórroga porque queriamos dar un tempo mínimo para estudar os custes, que se está a facer o traballo para logo tomar unha decisión e presentala na mesa da auga.

No tocante ao lixo propón que se asocien o concello de Silleda co de Vila de Cruces. Resposta o Alcalde Dí que seguen en conversa coa deputación e que baixo o sen punto de vista nos lles separa moito.

Convenio AP-53 pregunta se xa falaron cos veciños se xa sacaron do caixón os papeis. Resposta o Alcalde dí que se van a reunir cos veciños.

Rogo: Que se repoñan os contenedores do lixo. Resposta o Alcalde Dí que a reposición vai vinculada coa licitación do lixo

Que pasa co CEIP de Silleda que era unha petición dos pais.

Vaise continuar coa senda de Manduas a Pazos. Alcalde: Apoiaremos a continuación da senda.

Cando teñen pensado resolver as subvencións culturais e deportivas. O Sr.. Brey Montaña dí que se van a levar á xunta de goberno local a vindeira semana.

Que pasa coas comisións de investigación, Resposta o Alcalde quen dí que falla que o PP presente os seus membros e que en relación coa de Marisa Soto hai que fixar os días e as horas.

Esixiuse o IBI á igrexa católica.

Rogo: Que na parada de taxis segue abendo caidas, que se lle poña solución.

Que se poñan de acordo coas institucións para que se limpe a vexetación de Ponte de Taboada. Resposta o Alcalde Que hai un acordo con Lalín e que creen que é unha Ponte que hai que limpar.

Que existen protestas dos veciños de Silleda poque algunha farolas apuntan ao monte ou a outro sitio. Resposta o Alcalde Non hai desajustes.

As pistas de tenis e padel do Castro teñen falta de mantemento, porqué non se cobran as taxas e aos usuarios non se lles da recibo.

O concurso do arquitecto houbo concurso? Resposta o Alcalde Querese obter información do custe que ten o servizo., contratouse a un arquitecto por 700 euros para informar 45 expedientes.

E sen más asuntos que tratar, o Sr. Presidente da por rematada a sesión, cando son as vintetres horas e trinta e nove minutos, de todo o que eu como secretario dou fe.

